Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

4.3 7754 (11/PNP-000819)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co "Brexit"
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

4.4 8793 (11/PNP-000883)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.5 8808 (11/PNP-000885)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.6 8937 (11/PNP-000897)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como nos centros de día e de discapacidade.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 6176 (11/INT-000415)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local
Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

5.2 7888 (11/INT-000493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as recomendacións de medidas máis restritivas da mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

5.3 8569 (11/INT-000518)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 9572 (11/POPX-000017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para frear os efectos da terceira onda de covid-19

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 9573 (11/POPX-000018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses de Galicia na distribución dos Fondos Next Generation

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 6945 (11/POP-000825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a necesaria recuperación do diálogo social coa Unidade de Policía Adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

7.2 7220 (11/POP-000885)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación das Pontes en relación co peche da central térmica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

7.3 8452 (11/POP-001148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada ao sector do comercio para o ano 2021 para garantir a súa liquidez
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021

7.4 8078 (11/POP-001220)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.5 8104 (11/POP-001118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre os intereses que poden mover o Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do concello de Folgoso do Courel ao convocar un concurso de transporte escolar que unifica as rutas en lotes que non responden ás necesidades do concello
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.6 7475 (11/POP-001183)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 13.01.2021

7.7 9344 (11/PUP-000147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre a vacinación supostamente irregular contra a covid-19 da alcaldesa de Boimorto na residencia de maiores dese municipio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

7.8 9362 (11/PUP-000148)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 deputados/as máis
Sobre os vindeiros pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

7.9 9570 (11/PUP-000153)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas informacións referidas a supostas irregularidades no proceso de vacinación contra a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8811
Data envío: 21/01/2021 18:30:02.042

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A igualdade debería ser un eixo transversal en calquera acción e dende logo é unha obriga cando estas accións son desenvolvidas por entidades públicas. Neste contexto, os medios de comunicación teñen unha responsabilidade engadida en tanto son os encargados de visibilizar e trasladar mensaxes que aseguren a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Dende hai anos, a CRTVG apela ao seu compromiso coa igualdade tanto na programación como nas políticas de recursos humanos. A CRTVG participa no Observatorio Galego de Violencia de Xénero e na súa Comisión Asesora de Publicidade non sexista e mantén un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade para dar visibilidade e audibilidade ás mulleres dentro da programación.

Nos últimos tempos, a CRTVG lanzou campañas de promoción das vocacións científicas, técnicas e artísticas entre as nenas e sobre os retos e logros das mulleres rurais, mais o Grupo Parlamentario Socialista bota de menos un compromiso real e continuo fóra de campañas puntuais que, sendo necesarias, obedecen a un momento concreto.

Non esquezamos que os medios cumpren tamén unha función esencial na consecución dos obxectivos feministas por canto sitúan no espazo mediático persoas que se converterán en referentes de moi diversos ámbitos para as audiencias. É o caso do deporte, no que a presenza da muller nestes espazos da CRTVG é nula ou case nula.

Desta ausencia dá conta empírica a asociación feminista Xornalistas Galegas, que analizou polo miúdo a información deportiva do Telexornal do mediodía durante varias xornadas de xaneiro para demostrar a escasa presenza do deporte feminino nos medios e reivindicar un xusto 50%.

O estudo arroxa datos moi significativos e preocupantes, que dan conta da práctica ausencia do deporte feminino na TVG mesmo cando elas son ese día as protagonistas á vez que dá a alarma sobre a calidade dalgunhas informacións. Ademais, as autoras do traballo achegan recursos informativos alternativos, o que evidencia que efectivamente si hai posibilidade de contidos diarios sobre deporte de mulleres.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 8811
Data envío: 21/01/2021 18:30:02.042

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a razón da case nula presenza do deporte feminino nos espazos informativos da CRTVG?

2ª) Considera necesario incrementar ata o 50 % a presenza do deporte feminino nos espazos informativos e na programación dos medios públicos galegos?

3ª) Pensa que coa escasa presenza do deporte feminino na súa grella a CRTVG cumpre verdadeiramente a súa función de servizo público e o seu compromiso coa igualdade?

4ª) Vai tomar a CRTVG algunha decisión para equilibrar os contidos do deporte masculino e feminino na súa programación?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 21/01/2021 18:02:14**

**María Isaura Abelairas Rodríguez  na data 21/01/2021 18:02:31**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:56:07
Nº Rexistro: 8815
Data envio: 22/01/2021 09:56:07.879

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do centro de traballo da empresa SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dirección de SIEMENS-GAMESA vén de comunicar á representación do persoal do centro de traballo que a empresa ten no Concello das Somozas o peche da fábrica e o inicio do correspondente período de consultas para negociar un ERE extintivo para todo o cadro de persoal.

Un centro de traballo que da emprego directo a 300 persoas así como a un outro importante número de persoas indirectamente vinculadas á actividade da empresa sobre todo na loxística, transporte e actividades portuarias.

Os argumentos explicitados polos representantes empresariais consisten na perda de competitividade da factoría nun mercado mundial que demanda palas cada vez de maiores dimensións, e sobre todo, o feito de a empresa ter descartado calquera investimento no centro das Somozas para adaptar as instalacións a eses novos estándares requiridos, e isto por contar a propia empresa con outro centro de traballo de recente adquisición en Vagos, Portugal, que si posúe as dimensión precisas para desenvolver os novos produtos, así como unhas mellores condicións loxísticas pola súa



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:56:07
Nº Rexistro: 8815
Data envio: 22/01/2021 09:56:07.879

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proximidade a unhas instalacións portuarias case que desenvolvidas de propósito para dar servizo a esa factoría.

A perda dunha nova empresa do sector industrial comeza a ser perigosamente habitual no noso país, deixando en evidencia que o dogmatismo do Partido Popular e a súa fe nos mercados para un correcto desenvolvemento económico non é máis que unha mera superstición de consecuencias sociais e territoriais funestas para sociedades coma a nosa, tan necesitada de políticas industriais activas, de planificación e de promoción.

Un novo drama persoal, familiar e social na comarca de Ferrol, que vai camiño de bater todos os récords de desemprego, pobreza e perda demográfica, mentres o goberno do Partido Popular rexeita calquera posibilidade de aproveitar os recursos propios, como a instalación de novos parques eólicos na Galiza, para vinculalos á creación de emprego industrial relacionado co desenvolvemento deses proxectos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha xestión perante a empresa SIEMENS-GAMESA, ou celebrado algunha reunión? Que resultado obtivo desas xestións?

Ten intención a Xunta de Galiza de promover a constitución dun marco de negociación coa empresa e coa representación legal do persoal para abordar a problemática do centro de traballo?

Ten pensado a Xunta de Galiza desenvolver algunha iniciativa que permita garantir a actividade e a ocupación do centro de traballo de SIEMENS-GAMESA no Concello das Somozas?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten pensado a Xunta de Galiza establecer algún tipo de condición, prioridade, ou preferencia á hora de autorizar proxectos de aproveitamento eólico no ámbito das súas competencias, a favor de aqueles que impliquen investimentos de carácter produtivo ou industrial e que sirvan para a criación de emprego?

Ten pensado a Xunta de Galiza demandar do goberno do estado que estableza prioridades do tipo que vimos de mencionar para as autorizacións de proxectos eólicos da súa competencia?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Carme González Iglesias**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 22/01/2021 09:27:58**

**Daniel Pérez López na data 22/01/2021 09:28:08**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 22/01/2021 09:28:15**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:57:09
Nº Rexistro: 8821
Data envio: 22/01/2021 09:57:09.557

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ENDESA desbota o uso de biocombustíbeis para manter a actividade da central térmica das Pontes. Alega motivos técnicos, ambientais, e económicos, e acompaña as súas conclusións dun informe que as corrobora, elaborado por un tecnólogo internacional alleo á empresa.

Se nada o evitar, o peche da central térmica das Pontes producirase inevitablemente durante o primeiro semestre do presente ano. Desbotadas as alternativas para manter o funcionamento da central en algunha medida, abrolla con forza a evidencia da falta de previsión gobernativa ante a posibilidade de que o peche finalmente se materializara.

Non existe un plan B para evitar os catastróficos efectos económicos e sociais que o peche da central vai provocar na localidade das Pontes e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Despois dun ano nos que foron constantes os indicios que facían prever a espantada de ENDESA, con argumentos ou sen eles, a reacción por parte dos gobernos ao anuncio da empresa é de pasmo e rasgado de vestiduras.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:57:09
Nº Rexistro: 8821
Data envío: 22/01/2021 09:57:09.557

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comportamento da empresa, e a complicidade dos gobernos estatal e galego para con ela, debuxan un cadro onde non hai nin a sombra da tan anunciada transición enerxética, nin a sombra de alternativas industriais ou para o emprego.

Unha ausencia de planificación política inxustificable que deixa a toda a sociedade local e comarcal ás expensas do que a empresa decida sobre a afectación, os tempos, as empresas, e as persoas, que van participar no desmantelamento da central.

Raramente pode atoparse un caso máis clamoroso de aliñamento dos gobernos con unha empresa en contra da sociedade que deberían representar e defender.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que alternativas contempla a Xunta de Galiza para o mantemento da actividade e do emprego na localidade das Pontes? Ten algún proxecto elaborado con este obxectivo?

Ten a Xunta de Galiza solicitudes de ENDESA ou de ENEL para instalar potencia eólica na Galiza? Existen negociacións con estas empresas a este respeito?

Prevé a Xunta de Galiza condicionar as autorizacións para a instalación de parques eólicos á realización de investimentos por parte das mencionadas empresas que compensen os efectos do peche da central?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 09:57:09
Nº Rexistro: 8821
Data envio: 22/01/2021 09:57:09.557

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López**

**Carme González Iglesias**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 22/01/2021 09:50:42**

**Daniel Pérez López na data 22/01/2021 09:50:46**

**María do Carme González Iglesias na data 22/01/2021 09:50:55**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:04:19
Nº Rexistro: 8828
Data envío: 22/01/2021 10:04:19.856

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Consello da Xunta de Galicia celebrado en data 4 de agosto de 2016 aprobaba un investimento de 1,6 millóns de euros para actuar no solar da antiga igrexa de San Francisco na cidade de Ourense para levar a cabo o proxecto dun futuro museo da Xunta de Galicia en San Francisco.

Na sinatura do convenio, para levar a cabo o proxecto do futuro Museo da Xunta, o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro de Cultura, Alberto Núñez Feijóo e Román Rodríguez respectivamente, comparecían xunto o entón alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, e anunciaban que o proxecto estaría materializado en dúas anualidades. Temos coñecemento que o proxecto inicial, presentado na firma do convenio de setembro do ano 2016, foi necesario introducirlle algunhas modificacións trasladadas dende o Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Na actualidade non existe, que coñezamos, previsión algunha con respecto a reforma do solar que ocupaba a antiga igrexa dos Franciscanos, actualmente situada no parque de San Lázaro.

A sinatura do convenio referido non estivo exenta de polémica porque nesa data o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro de Cultura exercían os seus cargos en funcións ao celebrarse as eleccións días despois e considerarse que se trataba dun acto cunha clara intencionalidade electoral.

Segundo declaracións recollidas nos medios de comunicación o presidente en funcións da Xunta de Galicia aseguraba, que o proxecto saldaba unha débeda histórica coa cidade de Ourense que carecía dun espazo museístico propio de

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:04:19
Nº Rexistro: 8828
Data envío: 22/01/2021 10:04:19.856

titularidade autonómica e unha materia pendente dende 1929, data na que se materializou o traslado da igrexa de San Francisco.

A remodelación contemplaba tres fases. Na primeira acondicionaríase o espazo expositivo cuberto, que se corresponde co lugar que ocupaba a igrexa. Na segunda interviríase na antiga capela da Venerable Orde Terceira para crear a área administrativa e de servizos do futuro museo e ademais incorporaríase a zona o claustro de San Francisco. Na terceira actuaríase sobre a parte da capela que actualmente alberga a «Escolma de escultura» do Museo Arqueolóxico.

As tres futuras edificacións quedarían comunicadas interiormente e formarían o futuro Museo de San Francisco -que contaría cun espazo de case 2.000 metros cadrados- e completarán a grande infraestrutura e cultural da cidade de Ourense.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que motivos ten o Goberno da Xunta de Galicia para ter paralizado o proxecto, do prometido Museo da Xunta en San Francisco en Ourense, aprobado en Consello da Xunta de Galicia e presentado en setembro do ano 2016 polo propio presidente Núñez Feijóo?
2. Que actuacións se van a levar a cabo pola Xunta de Galicia en relación o convenio que aprobaba unha inversión de 1,6 millóns de euros para actuar no solar da antiga igrexa de San Francisco na cidade de Ourense, para levar a cabo o proxecto de un futuro Museo da Xunta en San Francisco?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/01/2021 09:49:44**

**Marina Ortega Otero na data 22/01/2021 09:49:52**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/01/2021 09:50:05**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/01/2021 09:50:13**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:04:19
Nº Rexistro: 8828
Data envio: 22/01/2021 10:04:19.856

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2021 09:50:25**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:05:08
Nº Rexistro: 8831
Data envio: 22/01/2021 10:05:08.248

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

En Galicia hai aproximadamente dous millóns de hectáreas de superficie forestal. Con 55.000 de titularidade pública e outras 664.000 en mans de comunidades de montes. O 60 por cento do monte galego, sen embargo, é de persoas propietarias particulares. Trátase de terreos de pequena extensión, cunha media de 1,7 hectáreas.

O 31 de decembro de 2020, vence o prazo que deu a Xunta de Galicia para que as persoas propietarias de montes de menos de 15 hectáreas, que en Galicia constitúen a práctica totalidade dos terreos que están en mans de particulares, contasen con algún instrumento de ordenación ou xestión forestal. Pasado este prazo queda prohibido o aproveitamento comercial da madeira neses montes que carezan do referido instrumento de ordenación, a non ser os da madeira queimada.

Ademais esgotado esta marxe, estes montes tampouco poderán percibir axudas ou beneficios fiscais.

Segundo datos publicados na prensa escrita e a falta de pechar a estatística pola Consellería os datos de 2020, só 6.290 titulares cumprirán esta obrigación que representan unicamente 10.557 hectáreas dun total de 1,2 millóns de hectáreas que son de propietario privado, é dicir, apenas un 0,8 por cento.

A problemática e importante dado que serán miles os e as propietarias forestais que se queden fóra das convocatorias de subvencións da Administración autonómica a partir de este ano debido a esta casuística.

Existen na actualidade varios instrumentos para ordenar os montes. Os e as propietarias de máis de 15 hectáreas, entre os que se encontran as comunidades de montes que teñen que elaborar un plan o un documento de xestión, que ante a súa complexidade a Xunta de Galicia dá un prazo máis amplo para adaptarse á normativa, ata 2028.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:05:08
Nº Rexistro: 8831
Data envío: 22/01/2021 10:05:08.248

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente a Consellería de Medio Rural da problemática existente, ante o veto de acceso as axudas e a prohibición de aproveitamento comercial da madeira, a miles de propietarios/as que aínda non ordenaron o monte a raíz da obrigatoriedade incluída na Lei 3/2018 do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que modificou a lei 7/2012 de montes de Galicia?
2. Que medidas ten previsto levar a Xunta de Galicia e, en concreto a Consellería de Medio Rural ante o veto de acceso ás axudas a miles de propietarios/as que aínda non ordenaron o monte a raíz da obrigatoriedade incluída na Lei 3/2018 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas que modificou a Lei 7/2012 de Montes de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/01/2021 09:55:14**

**Martín Seco García na data 22/01/2021 09:55:22**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:06:45
Nº Rexistro: 8837
Data envio: 22/01/2021 10:06:45.362

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Martín Seco García,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

Dentro das diversas modalidades de contratación de persoal por parte da Consellería do Medio Rural para o Servicio de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) existe, no que respecta ao persoal operativo, o persoal de 12 meses fixo (en proceso de funcionarización), o persoal de 9 meses fixo-descontinuo (en proceso de paso a 12 meses e funcionarización) e persoal de 6 meses temporal.

Con respecto a este último, o persoal descontinuo de 6 meses, ata o ano 2017, estaba formado por as seguintes categorías profesionais, condutores de motobomba, emisoristas e vixiantes fixos.

Estas tres categorías de persoal atopábanse nunha situación de precariedade extrema debido a que só traballaban durante máximo 3 meses ao ano, e foi no ano 2018 a raíz do acordo de concentración do emprego público nacido de continuas reivindicacións sindicais, cando se crearon novas prazas para dotar 137 brigadas de 4 compoñentes, que viñan a substituír as encomendas que se facían ás empresas públicas Seaga e Tragsa, sendo na súa maioría o persoal chegado destas brigadas desaparecidas. E froito do referido acordo as brigadas de tres meses pasaron a prestar servicios 4 meses no 2018, 5 meses no 2019 e 6 no pasado ano 2020.

Ampliación aplaudida pero a todas luces insuficiente, porque en Galicia en tan só un 6 % do territorio español, acontecen preto do 30 % de todos os incendios que se producen en España, e a cuarta parte da superficie que ardeu o ano pasado en España, ardeu en Ourense, que representa unicamente o 1,4 % da superficie total do Estado, e a maior abundancia, 8 dos 17 grandes incendios que aconteceron no 2020 déronse en Ourense.

Demandan as organizacións sindicais que o tempo da prestación de servicios do persoal de 6 meses, debe ser necesariamente en un só período continuado e as funcións asociadas ao persoal deberá abranguer máis aló do servizo de incendios forestais, debendo contemplar a súa competencia dentro dun servizo de emerxencias no rural que permita a súa mobilización para calquera continxencia que se poda producir ao igual que o resto do SPIF.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A Consellería non pode descoñecer o prexuízo causado ao persoal que de xeito temporal e parcial lle impide conciliar o traballo no Servizo con posibles traballos noutros ámbitos. Non semella normal querer falar de profesionalidade e manter a descontinuidade, non só de forma parcial senón cortada en dous períodos.

Avogan pola sensatez de unificar nun só período a prestación do servizo e se consigan períodos anuais para todo o persoal, que é do sentido común.

A prestación anual de todo o persoal non só trae consigo a estabilidade dun traballo, senón que tamén a mellora na prestación do servizo público, que debe focalizar gran parte do seus esforzo na prevención e noutras labores de emerxencias no rural, atendendo por outra banda a actual situación de desestacionalización dos lumes

Apostando polo incremento do tempo da prestación do persoal de 9 meses de xeito inmediato e polo incremento paulatino do de 6 meses a 9.

En resumen, debe apostar a Consellería de Medio Rural pola negociación en canto:

1.- A contratación de 6 meses debe ter a consideración de mínimo tempo de traballo. O tempo da prestación debe ser necesariamente en un só período continuado.

2.- As funcións asociadas ao persoal deberá contemplar máis aló do servizo de incendios forestais, debendo contemplar a súa competencia dentro dun servizo de emerxencias no rural que permita a súa mobilización para calquera continxencia que se poda producir ao igual que o resto do SPIF.

3.- Co fin de incrementar a presenza do referido persoal adscrito a postos de natureza fixa descontinua, de forma que o seu período de actividade abranga a maior parte dese período onde o risco de incendios tamén é elevado, co obxectivo de ampliar a vixilancia, detección e defensa de incendios, disuadir a actividade incendiaria intencionada e incrementar os incendios sofocados en fase de conato, iniciar a negociación dun calendario que contemple a ampliación do período de contratación dos presentes 984 efectivos ata os 9 meses ao ano, atendendo a desestacionalización dos lumes, segundo se ten contrastado nos últimos anos.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:06:45
Nº Rexistro: 8837
Data envío: 22/01/2021 10:06:45.362

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que previsións concretas ten a Consellería do Medio Rural para o colectivo de case 1.000 traballadores de seis meses do SPIF?
2. Ten previsto a Consellería de Medio Rural un aumento progresivo ata mínimo os 9 meses de traballo ao ano para os traballadores de 6 meses do SPIF?
3. Ten previsto a Consellería de Medio Rural a que as persoas traballadoras temporais de 6 meses do SPIF presten servicios nun único período continuado xa que ten manifestado que ían a ser contratados en dous períodos de 2 meses e outro de 4?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/01/2021 10:00:48**

**Paloma Castro Rey na data 22/01/2021 10:00:56**

**Martín Seco García na data 22/01/2021 10:01:08**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:26:07
Nº Rexistro: 8843
Data envío: 22/01/2021 10:26:07.352

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A campaña de vacinación contra a covid está a ser un dos retos de planificación e eficiencia dos sistemas sanitarios en todo o mundo, tamén no caso español e, especificamente, no galego. Dentro deste plan, a súa complexidade fai comprensible a existencia de certos erros ou imprecisións, máis especialmente no caso de cuestións operativas e de loxística.

Non en tanto, a existencia de erros sobre a alteración do plan de vacinación, coa vacinación de persoas que non corresponden en cada fase, resulta de moito problema para o propio sistema, pois alimenta a desconfianza cara o sistema e a percepción de inequidade. Para evitar estes problemas, e para contribuír a unha mellor organización, un dos mecanismos operativos é a denominación nominal de cada dose, para evitar usos indebidos e para ter un importante rexistro de doses aplicadas e a quen.

Sendo estes mecanismos aparentemente efectivos, resulta sorprendente o recoñecemento por parte do xerente da EOXI de Pontevedra – O Salnés de que existiron profesionais vacinados sen lles corresponder. As explicacións ofrecidas, vagas e imprecisas, apuntan oficialmente a 17 persoas traballadoras e atribúense a un “erro”.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como pode suceder un erro no procedemento de vacinación polo que membros do Sergas sexan vacinados antes de que lles corresponda?
2. Estaban as doses aplicadas a eses traballadores nominalizadas como deben estar todas as aplicadas?
3. De que servizos son os profesionais que foron vacinados sen lles corresponder?
4. Quen tomou a decisión de que esas persoas traballadoras fosen vacinadas? Baixo que criterio?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:26:07
Nº Rexistro: 8843
Data envío: 22/01/2021 10:26:07.352

5. Ten constancia o Sergas de que existan máis casos como os coñecidos na área sanitaria de Pontevedra – O Salnés?

6. Como pode o Sergas garantir a confiabilidade do seu plan de vacinación ao fío destes casos recoñecidos?

7. Estima o Goberno da Xunta de Galicia a necesidade de tomar algunha decisión sobre a situación resultante a partir deste "erro" recoñecido?

8. Están sendo nominalizadas todas as vacinas e estanse distribuíndo con persoa final destinada segundo foi anunciado?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2021 10:22:47**

**Marina Ortega Otero na data 22/01/2021 10:22:54**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 10:49:33
Nº Rexistro: 8849
Data envío: 22/01/2021 10:49:33.197

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O municipio de Salceda de Caselas na provincia de Pontevedra, é unha das vilas con maior índice de natalidade de toda Galicia, na actualidade conta con una única escola infantil pública.

Estas dependencias resultan insuficientes para facer fronte a toda a demanda existente, o que fai que, cada ano, moitos nenos e nenas queden sen praza.

Dende o ano 2018, o Concello de Salceda de Caselas dou conta á Xunta de Galicia da necesidade de implementar nunha máis as escolas infantís deste territorio, xa que existía unha lista de agarda de case 100 nenos.

Tras varias xuntanzas, dende a Xunta de Galicia amosáronse de acordo con estas necesidade e iniciaron o proxecto para a construción desta segunda Galiña Azul, nos terreos que o Concello posúe ao lado do novo centro de saúde, na rúa Mártires de Sobredo, do que deron conta ao Concello.

Tras isto, e case 3 anos despois, non se fixo ningún tipo de actuación e dende a Xunta de Galicia non dan respostas de que aconteceu con ese proxecto.

Derivado disto o Pleno da Corporación municipal aprobou por unanimidade o pasado 30 outubro do 2020 unha moción na que novamente solicitaba á Xunta de Galicia a construción dunha segunda escola infantil de 0 a 3 anos no municipio.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Xunta de Galicia a iniciar a execución do proxecto de construción da escola infantil Galiña Azul en Salceda de Caselas, no ano 2021?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/01/2021 10:43:37**

**Marina Ortega Otero na data 22/01/2021 10:43:44**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2021 10:43:52**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 11:51:38
Nº Rexistro: 8864
Data envío: 22/01/2021 11:51:38.333

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 foi presentado en setembro do ano 2016 e elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola, naquel momento, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” e inclusión e integración da diversidade), expón seis eixes:

1º) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2º) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3º) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4º) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5º) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 11:51:38
Nº Rexistro: 8864
Data envío: 22/01/2021 11:51:38.333

sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

6º) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha das cales se aplica a varios obxectivos.

Como é lóxico, se prevé un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Este grupo parlamentario presentou diversas iniciativas ao longo da pasada lexislatura do Parlamento de Galicia para coñecer a avaliación do plan dende o seu primeiro curso de vixencia (2016-2017). Todas cantas veces foron debatidas proposicións non de lei, foron rexeitadas pola maioría absoluta do Partido Popular, co incoherente argumento de que a avaliación se realizaría ao remate do plan, eliminada deste xeito a necesidade da máis que acreditada conveniencia de levar a cabo a avaliación de implementación como procede en calquera política pública.

Considerando que o horizonte temporal que comprendía a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia eran os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que todos eles remataron, semella que os febles argumentos empregados para rexeitar a avaliación do plan carecen xa de sustento.

O último esperpento argumental relacionado con este asunto tivo lugar na Comisión 4ª de Educación e Cultura celebrada o día 29 de decembro de 2020, cando no debate dunha proposición non de lei deste grupo parlamentario na que se pedía que a Xunta de Galicia presentase no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro trimestre do ano 2021 a avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, xunto co gasto dedicado por cada unha das consellarías en cada curso ao dito plan, o Grupo Parlamentario Popular posicionouse en contra co argumento de que non ían cambiar de opinión con respecto ás veces anteriores que votaron en contra.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 11:51:38
Nº Rexistro: 8864
Data envío: 22/01/2021 11:51:38.333

Esta inexplicable actitude obriga o deputado e a deputada que asinan a formular preguntas de xeito individual sobre os indicadores asociados a cada unha das medidas previstas no plan, o que se podería ter evitado cun mínimo transparencia por parte da Xunta de Galicia.

Con respecto á medida 21. *Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado*. Cal é o resultado da avaliación dos seguintes indicadores que se reproducen literalmente xunto cos seus posibles resultados?

Creado: SI/NON
Difusión (indicación ligazón)

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 11:51:38
Nº Rexistro: 8864
Data envio: 22/01/2021 11:51:38.333

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2021 11:33:13**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/01/2021 11:33:25**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
Son moito os anos que o Xulgado de Familia de Ourense ven soportado unhas taxas de conxestión elevadísimas e crecentes, polo que as medidas adoptadas nos últimos anos deben considerarse claramente como insuficientes ou inadecuadas. Xa que logo non estamos a falar dun feito puntual, senón dunha situación de colapso arrastrada no tempo e agravada co paso dos anos.

A suspensión -se non supresión- do servizo de mediación familiar intraxudicial, o reparto de asuntos entre os diferentes órganos xudiciais son medidas que en nada favorecen a axilización da administración de xustiza, pondo en perigo o funcionamento



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros órganos que, ate o momento, veñen tramitando e resolvendo os asuntos nuns tempos razoábeis.

O estado na resolución dos asuntos en materia de familia que non se ve atenuada, antes ao contrario, pola situación da sección civil da Audiencia Provincial de Ourense, na que dende hai anos se ven reclamando a creación dunha nova praza de maxistrado ou maxistrada, sendo a taxa de conxestión do órgano colexiado superior a 2 puntos duplicando o que podería constituír a taxa ordinaria.

Así podería estimarse en  tres ou catro anos o tempo para a resolución dun asunto de familia ou sobre capacidade das persoas no partido xudicial de Ourense o que en modo algún pode considerarse asumible.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno Galego que a taxa de conxestión do Xulgado de Primeira núm.6 de Ourense e da sección Civil da Audiencia Provincial de Ourense, así como os tempos para a resolución dos procedementos se corresponden cun razoábel funcionamento da administración de xustiza?

Formulou, nos dous últimos anos, a Xunta de Galiza  algunha proposta na comisión mixta para s ampliación da planta xudicial en Ourense, que puidera atinxir ao xulgado de familia ou a sección civil da Audiencia Provincial?

Entende a Xunta de Galiza, á vista da evolución da taxa de conxestión e dos tempos de resolución dos asuntos, que as medidas adoptadas para axilizar o funcionamento do Xulgado de Primeira Instancia núm.6 foron eficaces?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 13:50:01
Nº Rexistro: 8901
Data envio: 22/01/2021 13:50:01.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que momento se adoptaron medidas de reforzo ou apoio no xulgado de familia de Ourense?

Considera a Xunta de Galiza abondo o número de maxistrados e maxistradas da sección Civil da Audiencia Provincial de Ourense?

Entende a Xunta de Galiza que unha mera distribución do reparto de asuntos dentro do xulgados de primeira instancia do partido xudicial de Ourense solucionaría o colapso do xulgado de familia sen por en risco o funcionamento dos órganos xudiciais receptores da maior carga de traballo?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Noa Presas Bergantiños**
**Luis Bará Torres**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/01/2021 13:45:36**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/01/2021 13:45:39**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 13:50:01
Nº Rexistro: 8901
Data envio: 22/01/2021 13:50:01.096

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/01/2021 13:45:47**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 8912
Data envío: 22/01/2021 16:19:33.347

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na información aos medios que colga o Goberno galego na páxina *web* da Xunta de Galicia informouse de que o Consello da Xunta do 23 de decembro de 2020 aprobou o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para os anos 2021 e 2022 dotado con máis de 14 millóns de euros, que serán xestionados a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), distribuídos en dúas anualidades duns 7 millóns de euros cada unha e establecendo que o obxectivo do dito plan é "*mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas",* mellorando *o* acceso ás 30.000 entidades de poboación nas que se asentan as vivendas da poboación rural, facilitando así a accesibilidade e vertebración do territorio, e a dinamización do tecido produtivo ao contribuír a mellorar a capacidade organizativa destas áreas rurais.

Do mesmo xeito, se informa de que a repartición establecida para cada un dos concellos galegos acordouse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) consonte a unha serie de criterios previamente consensuados.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes:

1ª) Considera o Goberno galego que na "Lexislatura do rural", a dotación orzamentaria foi suficiente para acadar o obxectivo proposto de "*mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas"?*

2ª) Cales foron os concellos beneficiados por estas achegas económicas nos exercicios de 2016 a 2020 e cales foron as contías asignadas?

3ª) Cales son os concellos que se beneficiarán destas achegas económicas no exercicio 2021 e cales son as contías asignadas?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 8912
Data envio: 22/01/2021 16:19:33.347

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2021 16:18:39**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/01/2021 16:18:58**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 16:34:56
Nº Rexistro: 8918
Data envío: 22/01/2021 16:34:56.613

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A situación dos fogares galegos a finais de 2019 amosaba que estes aínda non se tiñan recuperado da crise económica de 2008, manténdose o 24,3 % da nosa poboación en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE), 33.000 persoas máis que no 2018, cun incremento de 2,18 puntos porcentuais de fogares que teñen dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes dende o primeiro ao cuarto trimestre de 2019, chegando a unha subida do 19,53 % se comparamos o segundo trimestre de 2019 co mesmo trimestre de 2020.

O mesmo acontece cando comparamos os fogares nos que todos os seus membros están en paro, que se teñen incrementado en 2.500 fogares se comparamos o cuarto trimestre de 2009 e o mesmo trimestre de 2019, chegando a 53.200 fogares no terceiro trimestre de 2020 ou o incremento en 12.700 fogares sen ingresos para o mesmo período, chegando a 33.500 fogares no terceiro trimestre de 2020 segundo os datos EPA publicados polo IGE.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para saír da pobreza, pero a Enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflicte que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e as que o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

Estes datos, recollidos nun bo número de informes, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas e de emprego da Xunta de Galicia do PP durante os seus máis de once anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuír as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente, chegando nalgúns casos a considerarse situacións naturalizadas, pasando así de ser lacras a combater a feitos que aceptar.

Esta situación supuxo que o noso país estivese nunha peor situación que no conxunto do Estado para enfrontarse á crise económica e social derivada da crise sanitaria provocada pola pandemia da covid-19.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 16:34:56
Nº Rexistro: 8918
Data envío: 22/01/2021 16:34:56.613

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai elaborar o Goberno galego un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, con prazos e medidas concretas e medibles, para reverter esta preocupante situación dos fogares galegos, no que participen os grupos parlamentarios, os axentes económicos e sociais e os sindicatos?

2ª) Que orzamento vai destinar o Goberno galego neste ano e no 2021 para evitar a consolidación da pobreza no noso país?

3ª) Que medidas vai implementar o Goberno galego para loitar contra a pobreza e a exclusión social?

4ª) Ten valorado o Goberno galego as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/01/2021 16:29:07**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/01/2021 16:29:22**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 17:24:24
Nº Rexistro: 8926
Data envío: 22/01/2021 17:24:24.337

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Porto de Vigo é un elemento fundamental da economía de Vigo e de Galicia. Como nodo loxístico e espazo produtivo permite o desenvolvemento de importantes actividades portuarias como a pesca e a construción naval, o tempo que facilita a internacionalización das empresas do entorno de Vigo, de Galicia e do Noroeste Peninsular e constitúe unha porta de entrada ás actividades turísticas, de lecer e deportivas.

Historicamente as actividades vinculadas ao Porto de Vigo permitiron explicar o crecemento económico e social da cidade, a implantación empresarial en Vigo e a súa contorna e a internacionalización e competitividade da actividade económica deste territorio, xogando un papel decisivo para converter a Vigo na principal cidade de Galicia. No presente e futuro da cidade, o Porto segue e seguirá ocupando un papel fundamental, razón pola que é imprescindible o seu funcionamento eficaz e eficiente.

A implantación do Porto de Vigo no enclave natural da ría de Vigo, fai preciso compatibilizar seu funcionamento presente e futuro coa preservación dun entorno natural privilexiado e especialmente sensible. Os socialistas leva anos defendendo o valor ambiental da ría, a súa diversidade, a súa paisaxe e a necesidade da conservación do entorno para manter e potenciar o atractivo da cidade para as súas veciñas, veciños e empresas. Neste senso, a futura presentación da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio Natural da Humanidade pretende reforzar esta protección ambiental e reforzar os procesos de conservación deste importante e fráxil entorno.

A Autoridade Portuaria de Vigo vén de propoñer a ampliación da terminal de Bouzas cun novo recheo de entre 60.000 e 82.000 metros cadrados. Dada a fraxilidade medioambiental da ría é preciso garantir a mellora da actividade portuaria o tempo que se eviten recheos que danan o ecosistema da ría.

Por outra banda, logo da nulidade do *Plan de Delimitación de Espacios y Usos Portuarios (DEUP),* a autoridade portuaria está a tramitar unha nova delimitación

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

que reduce de xeito importante as zonas de interacción porto-cidade e parece esquecer que o porto é unha parte imprescindible do desenvolvemento urbano, económico e social da cidade.

O alcalde de Vigo xa trasladou a Autoridade Portuaria de Vigo o rexeitamento da cidade a novos recheos e a necesidade de mellorar a relación porto-cidade. Cómpre agora propoñer ao Parlamento de Galicia un pronunciamento sobre estas cuestións.

O Grupo Parlamentario Socialista rexeita calquera proxecto portuario que supoña novos recheos na ría de Vigo.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A  Autoridade Portuaria de Vigo vai a paralizar calquera iniciativa que supoña novos recheos?
2. A Autoridade Portuaria de Vigo vai a realizar un estudo que permita diferenciar as actividades que precisan estar nesta terminal daquelas que poden estar situadas en calquera polígono industrial da cidade. Neste senso, é preciso un plan de actuacións a medio e longo prazo que garanta que o porto e, en particular a terminal de Bouzas, aloxa e ordena de xeito eficiente e eficaz as actividades portuarias?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 22/01/2021 16:17:59**

**María Isaura Abelairas Rodríguez  na data 22/01/2021 16:18:04**

**Patricia Otero Rodríguez  na data 22/01/2021 16:18:12**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 17:24:24
Nº Rexistro: 8926
Data envío: 22/01/2021 17:24:24.337

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2021 16:18:22**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2021 17:46:30
Nº Rexistro: 8933
Data envío: 22/01/2021 17:46:30.247

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Dende o Grupo Parlamentario Socialista xa alertamos no mes de novembro da posibilidade de que se dera un gromo do virus SARS-COV-2 nalgunha das 26 granxas de visóns que hai no noso país, como xa sucedera no norte de Europa ou noutras comunidades autónomas, e instamos á Xunta de Galicia a extremar os controis, tanto a nivel de prevención como de análise e seguimento tanto dos traballadores/as das granxas coma dos animais.

En Galicia temos neste momento aproximadamente 500 mil visóns distribuídos en 25 granxas, e non temos coñecemento de que exista ningún protocolo da Xunta de Galicia distinto ao que xa existía antes da pandemia.

O conselleiro de Sanidade ás preguntas neste sentido, levadas por este grupo ao Pleno do mes de decembro respondía dicindo que no noso país non existía risco de aparición dun gromo nestas granxas, por atoparse con controis exhaustivos, os cales non especificou.

Pero a realidade é que o pasado xoves a Consellería de Medio Rural informou da existencia dun gromo nunha granxa de visóns situada no concello de A Baña, e avanzou que os 3.100 animais que residen nestas instalacións serán sacrificados.

Non se deron máis detalles do acontecido, cunha clara actuación opaca cara a cidadanía, que ve con medo que esta situación poda volver a repetirse nas 24 granxas restantes que existen ao longo do noso país.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que foi o que ocorreu para que se producise o gromo na granxa de visóns do concello de A Baña?
2. Por que non informou a Xunta de Galicia con detalle sobre o gromo aparecido?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Como se ten detectado o gromo?
4. Afectou este gromo ás poboacións próximas ou/a familiares e achegados das persoas que traballan na granxa?
5. Que medidas preventivas ten adoptado a Xunta de Galicia e por que non funcionaron?
6. Ten a Xunta de Galicia un protocolo aprobado para este tipo de casos? En caso afirmativo, cal é?
7. O gromo xurdiu unicamente entre os animais ou hai persoas traballadoras afectadas? En todo caso que probas se fixeron ata agora nas granxas de visóns galegas, tanto a animais coma a traballadores/as?
8. Que medidas se tomaron para evitar a propagación do gromo ao exterior da granxa?
9. Estanse a tomar medidas para evitar que isto volva a acontecer noutras granxas? Cales son estas medidas?
10. Vai a secuenciar o xenoma completo do virus detectado no gromo da granxa de visóns de A Baña, co fin de ver a orixe do mesmo?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/01/2021 17:38:50**

**Julio Torrado Quintela na data 22/01/2021 17:38:57**

**Noa Susana Díaz Varela na data 22/01/2021 17:39:03**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/01/2021 17:39:14**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/01/2021 17:39:22**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/01/2021 17:39:31**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 09:40:47
Nº Rexistro: 8940
Data envio: 25/01/2021 09:40:47.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento da campaña de vacinación do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, os centros de discapacidade, centros de día e outros servizos sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2020 comezou a campaña de vacinación fronte á COVID19, apenas dez meses despois de declararse a pandemia. Un fito histórico e científico que permitirá inmunizar a poboación.

As autoridades sanitarias, a través do Plan de vacinación, fixaron alén dun procedemento, grupos de poboación para desenvolvelo de maneira ordenada. As primeiras persoas en recibir as doses foron as persoas usuarias e traballadoras das residencias de maiores, a seguir polo persoal sanitario que traballa na primeira liña fronte ao virus.

Segundo informou o Ministerio de sanidade e tal e como consta no Plan estatal de vacinación, as persoas consideradas grandes dependentes (grao III) e as persoas que as coidan nos seus fogares tamén están incluídas na primeira fase de vacinación (grupo 4) porén, non se especifica cando serán vacinadas e, en ningún caso, aparece recollido como un grupo en si propio o persoal do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

Cómpre lembrar que en Galiza o SAF presta servizo a máis de 24.000 persoas sendo un dos servizos sociais con máis usuarias e usuarios. As súas traballadoras,



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 09:40:47
Nº Rexistro: 8940
Data envío: 25/01/2021 09:40:47.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal sociosanitario como categoría profesional, tamén se enfronta á COVID19 en primeira liña aínda que non sexa nun centro senón no fogar das persoas dependentes.

O mesmo acontece con outros servizos sociais como os centros de día e centros de discapacidade que, até o momento, non foron incorporados na campaña de vacinación malia representar un servizo sociosanitario fundamental con colectivos de risco.

Polas características do traballo que desenvolven, nomeadamente a asistencia a varios domicilio cada día, deben ser un grupo prioritario na campaña de vacinación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a planificación da Xunta de Galiza para a vacinación das traballadoras e usuarias do SAF?

- De que maneira vai desenvolver a vacinación o goberno galego para este colectivo?

- En que prazo temporal pensa vacinar estas persoas?

- E os centros de día e centros de discapacidade?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 09:40:47
Nº Rexistro: 8940
Data envio: 25/01/2021 09:40:47.459

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández  na data 25/01/2021 09:26:54**

**Iria Carreira Pazos na data 25/01/2021 09:27:05**

**María Montserrat Prado Cores  na data 25/01/2021 09:27:14**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 10:08:33
Nº Rexistro: 8946
Data envio: 25/01/2021 10:08:33.203

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da empresa GALICIA TÉXTIL no Concello de Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia Téxtil é unha das fábricas máis antigas da comarca de Ferrol, que hai 20 anos chegou a ocupar máis de 150 persoas. Actualmente o cadro de persoal é de 36. A dirección da empresa ven de comunicar a súa intención de realizar 20 despedimentos previa negociación do correspondente ERE.

Dedícase á fabricación de tecido para a confección, e pertence a un dos grupos empresariais do sector téxtil máis grandes de Europa (Téxtil santanderina) . O ERE xustifícase formalmente en motivos económicos, nomeadamente os resultados do exercicio 2019-2020 que empuxan á empresa a impulsar un cambio de modelo produtivo que a situará en beneficios no horizonte do 2022.

A parte social rexeita a medida proposta pola empresa, en parte por considerar que os motivos alegados, os resultados do ano 2019 puideron ser negativos por decisións empresariais conxunturais pero nunca polo impacto dos custes de produción derivados dos custes de persoal, carecendo de elementos contábeis para poder analizar as contas de 2020 ao se entregar estas incompletas. Aínda así, a propia empresa manifesta poder superar as perdas nun período de 1 ano. E propoñen outro tipo de



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 10:08:33
Nº Rexistro: 8946
Data envio: 25/01/2021 10:08:33.203

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas menos prexudiciais, como axustes a través da prexubilación do persoal de maior idade, ou medidas de carácter temporal.

A día de hoxe non hai acordo entre empresa e representación do persoal, e semella, dada a negativa da empresa a atender calquera alternativa que non sexa realizar os despedimentos, que pode rematar así o breve período de consultas.

Salienta o feito de contar esta fábrica con unha concesión de xeración de enerxía hidráulica do 200 kw (A Presa do Rei), e unha planta de coxeración de 1000 kw de gas natural.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que axudas públicas ten recibido a empresa GALICIA TÉXTIL nos últimos 20 anos?

Ten a concesión hidroeléctrica da Presa do Rei a favor da empresa algunha condición de mantemento da actividade industrial ou do emprego?

Cales son as condicións de explotación da coxeración da fábrica?

Ten pensado a Xunta de Galiza dirixirse á empresa para intentar evitar a aplicación do ERE e salvar o emprego?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/01/2021 09:59:04**

**María do Carme González Iglesias na data 25/01/2021 09:59:08**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2021 09:59:15**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 10:53:54
Nº Rexistro: 8958
Data envio: 25/01/2021 10:53:54.542

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de revisar a reforma da cuberta do mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá e de reducir o período máximo de permanencia da cuberta temporal de catro a dous anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mosteiro de San Salvador de Lourenzá é parte importante do patrimonio cultural e arquitectónico do noso país. Mostra disto é a consideración de ben de interese cultural que posúe e o feito de que ademais está vinculado ao territorio histórico do Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa, que foi á lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO.

Alén destes importantes aspectos, esta construción de orixe medieval ten un papel moi representativo no municipio de Vilanova de Lourenzá. Isto débese a que dentro deste monumento desenvólvense diferentes actividades como a relixiosa, sendo o templo da igrexa parroquial ou tamén outras como albergar un museo de arte sacra, o Museo da Faba, a oficina de Correos, a casa consistorial e demais dependencias civís entre outros usos.

Sendo como é un elemento vital no día a día da localidade mariñá, preocupa e leva preocupando durante moito tempo o deplorable estado de conservación que



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 10:53:54
Nº Rexistro: 8958
Data envío: 25/01/2021 10:53:54.542

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentan os claustros e as transversais do propio edificio; condicións que impiden que ditas zonas poidan ter un uso concreto debido á pouca seguridade que presentan.

Este estado de abandono levou a que os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizasen unha visita ao mosteiro no mes de setembro do ano 2020 e que salientasen a necesidade dunha actuación de urxencia, xa que o risco de perda e de dano irreparable do monumento era moi serio.

Ante esta situación, a administración autonómica e a Igrexa propuxeron unha solución que sería a aprobada e que consiste nos seguintes pasos:

"- Retirada da cubrición de lousa e tella plana nas zonas máis afectadas polo deterioro das cubertas.

- Realización dunha nova cobertura, de carácter provisional de chapas metálicas que garanta a conservación da estrutura orixinal de madeira e a do propio monumento.

- Peche e protección dos ocos das fachadas para evitar a entrada de paxaros e protexer o interior do inmoble. "

Esta solución, pese a ser de extrema necesidade, causou un grande estupor entre os veciños e veciñas de Lourenzá, que vían con perplexidade como autoridades encargadas da obra se dispoñían a cubrir o seu mosteiro medieval con chapa metálica. Deste xeito, comezaron as queixas relacionadas coa facilidade que se lle ofrece a certas institucións como a Igrexa para realizar determinadas obras con determinados produtos en comparación co intensivo traballo de supervisión que fai a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural cando se trata de obras de individuais; traballo que desde o Bloque Nacionalista Galego vemos como máis ca necesario.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pese a isto, seguimos sen considerar nin normal, nin permisible o feito de que se poida reparar un inmoble de tanto valor patrimonial con chapas metálicas e que ademais dita obra que se describe como "provisional" poida estar até un período de catro anos, máis se temos en conta que os propios criterios de intervención din que se debe garantir "un criterio de aproximación cromática á cuberta de lousa tradicional e de aproximación formal á cuberta actual", algo que a ollos do BNG e de grande parte dos habitantes de Vilanova de Lourenzá non se acadou en absoluto.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que a escolla da chapa metálica para realizar a reforma da cuberta do mosteiro de San Salvador é a axeitada para un monumento de tanto valor arquitectónico?

- Está disposta a Xunta de Galiza a reducir o prazo máximo de permanencia da reforma temporal de catro a dous anos?

- Baralla a Xunta de Galiza outro tipo de actuacións para mellorar o estado deste mosteiro sen a necesidade de empregar chapas metálicas na súa cuberta?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 10:53:54
Nº Rexistro: 8958
Data envio: 25/01/2021 10:53:54.542

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 25/01/2021 10:50:07**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/01/2021 10:50:12**

**Daniel Castro García na data 25/01/2021 10:50:20**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 11:29:51
Nº Rexistro: 8964
Data envio: 25/01/2021 11:29:51.141

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a concentración parcelaria na parroquia de San Vicenzo, concello de Vilasantar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Concentración parcelaria de San Vicenzo no concello de Vilasantar inicia o seu proceso coa publicación do decreto (DOG 15-05-1989). As bases definitivas da dita concentración saíron o 20/08/2019 e a aprobación de acordo é do 14/10/2019.

Nese momento os propietarios que non estiveron de acordo coa asignación presentaron recurso de alzada contra a aprobación do acordo. Varios dos que presentaron recurso, son gandeiros titulares das poucas explotacións viables que quedan na parroquia. Os recursos son motivados nalgúns casos pola perda significativa da terra agraria ou pola forma do trazado das parcelas que imposibilitan que a explotación poida aumentar ou mellorar as instalacións.

Máis tarde un grupo de veciños e veciñas presentaron un escrito acompañado de sinaturas manifestando o seu desacordo de como foi o procedemento e solicitando que se consensuaran as contestacións dos recursos e que se axilizara a súa resposta así como que se realizaran as pistas secundarias xa que existen varias fincas sen acceso.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 11:29:51
Nº Rexistro: 8964
Data envio: 25/01/2021 11:29:51.141

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Situación en que se atopa a resolución dos recursos?

- En que data concreta pensa a Consellería resolver definitivamente os recursos.?

- Cando se van a realizar as pistas secundarias e con que orzamento contan?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/01/2021 11:26:52**

**María González Albert  na data 25/01/2021 11:27:02**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 25/01/2021 11:27:13**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:15:03
Nº Rexistro: 8976
Data envio: 25/01/2021 13:15:03.271

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, en demanda ao goberno central do estudo de cantas alternativas sexan necesarias para asegurar a pervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña segue inmersa nun proceso de desindustrialización programada e ante o que o goberno galego parece asistir na distancia como simple observador.

O cadro de persoal da actual Alu Ibérica está a vivir unha situación laboral e persoal complexa, debido á vulnerabilidade á que foi sometido desde o inicio do conflito laboral, que agora se converte en límite, logo de sucesivos incumprimentos por parte da empresa actual vinculados a despidos improcedentes e retrasos no cobro de salarios, entre outros, acontecidos a partir do anuncio da venda da planta de Alu Ibérica da Coruña en maio de 2020.

Por aquela altura, e só oito meses despois de que se formalizase a venda das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital, o 15 de abril de 2020 se facía público que o devandito fondo suízo vendía unha participación do 75% ao Grupo Industrial Riesgo, que a través do seu vehículo de investimento System Capital Management SL (SCM), pasaba a facerse co control da actual Alu Ibérica.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa daquela a representación do cadro de persoal da factoría denunciaba que en ningún momento o Comité de Empresa fora informado da venda de Parter Capital ao Grupo Riesgo, advertindo das dúbidas que existían sobre a solvencia e a praxe empresarial dos novos compradores.

Cómpre lembrar que a venda das factorías de Alcoa a Parter Capital foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria, o cal, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría "co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para atopar unha solución integral e viábel aos case 700 postos de traballo que estaban en risco".

Que se producise aquela revenda tan só 8 meses despois da adquisición por Parter Capital evidenciaba a falta de compromiso real do fondo suízo para levar a cabo o plan industrial comprometido e puña en cuestión o papel desenvolvido tanto polo Ministerio de Industria como pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza para procurar unha solución que garantise a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

O tempo veu converter en realidade os temores ben fundados e o futuro da planta de Alu Ibérica na Coruña segue cheo de incertezas, pois os traballadores denuncian a ausencia, por parte dos actuais propietarios, dun plan tanxíbel que asegure o mantemento da actividade produtiva da factoría e os postos de traballo, así como a saída industrial para a planta. A esta situación, ademais, súmanse denuncias por despedimentos improcedentes e impagos de salarios, razóns polas que no pasado mes de decembro as traballadoras e traballadores da factoría coruñesa declararon unha folga indefinida.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A propia Inspección de Traballo, nun informe datado en setembro de 2020, certifica a falta de ocupación efectiva e de investimentos na planta da Coruña.

En consecuencia, queda claro que a única alternativa viábel para o mantemento da capacidade produtiva da planta de aluminio galega e os postos de traballo é que o Gobierno do Estado interveña a planta para que, posteriormente, a SEPI busque un inversor fiábel que se comprometa a poñer en marcha o tan necesario plan de reactivación industrial da factoría que garanta o mantemento dos postos de traballo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Tense implicado o goberno galego na procura de alternativas que aseguren a pervivencia da planta de Alu Ibérica da Coruña? Que alternativas?

Ten demando ao goberno do Estado a intervención pública da planta de Alu Ibérica na Coruña para que posteriormente a SEPI busque un inversor que garanta un plan industrial de futuro para a empresa?

Están a investigar, en exercicio das competencias que detenta a Xunta de Galiza en materia de traballo, a praxe da compañía en materia laboral e, en particular, as circunstancias nas que se produciu o despedimento recente dunha traballadora, velando porque a empresa asegure o pleno respecto dos dereitos laborais e sindicais?

Cal foi o procedemento resultante desta investigación?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:15:03
Nº Rexistro: 8976
Data envio: 25/01/2021 13:15:03.271

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**,

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 25/01/2021 13:08:10**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2021 13:08:14**

**Mercedes Queixas Zas na data 25/01/2021 13:08:24**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 13:46:04
Nº Rexistro: 8983
Data envio: 25/01/2021 13:46:04.518

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a seguridade nas obras de desmantelamento da estación de autobuses de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancias da Xunta de Galiza se está a proceder ao desmantelamento e derrubo da estación de autobuses da cidade de Ourense. A execución da referida obra de derrubo supuxo o traslado de determinados servizos de transporte para espazos próximos, nalgúns casos colindantes, do lugar no que se está a realizar os traballos, sen que, inicialmente, se dotaran as eses lugares das medidas de seguridade máis elementais, que só foron implementadas tras a reivindicación de asociacións veciñais e políticas.

Nos últimos días a precariedade do estado das chapas que pechan o espazo no que se están a executar as obras de derrube da estación de autobuses da cidades de Ourense estivo a provocar o temor da veciñanza e usuarias do transporte público. A posibilidade de que as chapas metálicas utilizadas como peche puideran caer sobre a beirarrúa do lugar que ven funcionando como estacións de autobuses provisoria co perigo para a integridade físicas das persoas motivou a intervención de equipos de bombeiros da cidade de Ourense para asegurar os referidos elementos de peche perimetral.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A intervención do equipo municipal de extinción de incendios e salvamento serviu para tranquilizar a poboación ante a situación de perigo que se advertía, sen que, en primeiro lugar, poda derivarse neste servizo municipal a vixianza e coidado das obras públicas -máxime dada a limitación de recursos humanos e materiais que está a padecer este servizo-, como tampouco pode servir para que a Xunta de Galiza eluda a súa responsabilidade sobre as medidas de seguridade que deben observarse na execución das obras de derrubo da estación de autobuses de Ourense.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas de seguridade fronte a caídas de obxectos á vía ou espazos públicos adoptou, directa ou indirectamente, a Xunta de Galiza na execución da obra de desmantelamento e derrube da estación de autobuses de Ourense?

Dende a adopción, no seu caso, das medidas de seguridade, realizou a Xunta de Galiza algún tipo de control ou vixianza para velar polo cumprimento das mesmas?

Considera a Xunta de Galiza infundada a preocupación amosada, máis dunha vez, pola veciñanza do barrio no que se están a realizar as indicadas obras e demolición pola ausencia ou insuficiencia das medidas de seguridade?

Ten constancia a Xunta de Galiza da intervención do equipo de bombeiros do Concello de Ourense o día 23 de xaneiro de 2021 e sabe en que consistiu a referida intervención?

Considera innecesaria e superflua a devandita intervención, podendo descartar risco algún para a integridade das persoas?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2021 13:41:03**

**Paulo Ríos Santomé na data 25/01/2021 13:41:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2021 13:41:11**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/01/2021 13:41:21**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 16:51:35
Nº Rexistro: 8991
Data envio: 25/01/2021 16:51:35.911

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O acontecido o pasado 20 de xaneiro do 2021 no servicios de urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense foi alarmante, vivindo as e os profesionais do complexo e as e os pacientes que alí se encontraban, unha situación crítica que atentaba contra a súa seguridade, con riscos certos de contaxios covid-19, situación desesperada que denunciaron os propios profesionais de urxencias e que xa viñan adiantando os sindicatos e plataformas coma SOS Sanidade Pública dende hai semanas.

De feito, e ante esta situación desesperada, as/os profesionais sanitarios publicaron nas redes sociais en data 22 de xaneiro unha mensaxe do que tamén se facían eco os medios de comunicación e que transcribimos de maneira literal:

"*Sabedes cando se dí que non hai ninguén ó volante?? Que non hai ninguén conducindo?? Pois así estamos no Servizo de Urxencias do CHUO. Desbordados de pacientes, moitísimos Covid positivos que por orde do noso Xefe de Servizo, se mesturan con pacientes que están pendentes de confirmación para ingresar. Unha vergoña e un perigo!!! Para cando se produza un brote entre compañeir@s ou usuari@s, que non vos conten que foi cousa do persoal que se contaxia tomando café. Non temos tempo nin de café, nin de mexar sequera.*

*Voume a corrixir, noné que non haxa ninguén conducindo, é que quen nos conduce, nos leva ó abismo. Non tempos espazo físico para unha atención digna, non hai visos de ampliar nin ese espazo nin persoal (aínda teñen a pouca vergoña de dicir que estamos persoal demais!), non escoitan nin unha soa das nosas opinións, non respostan ós nosos correos... Pacientes, os principais prexudicados, como se non tivesen bastante. Esta situación é insostible*."

As e os profesionais quéixanse do traballo exhausto, da falta de persoal, de que a Dirección lles obriga a mesturar positivos con outros pacientes (toda a área do

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 16:51:35
Nº Rexistro: 8991
Data envío: 25/01/2021 16:51:35.911

Complexo de Urxencias ao completo transformouse en área covid-19), da falla de boxes para atención de enfermos non covid, e denunciando a falta de espazo físico para unha atención digna. E se cabe o máis alarmante da situación descrita é a falta de dirección dos cadros do Sergas encargados da coordinación das áreas afectadas.

Todas elas acusacións moi graves, que denotan unha xestión moi deficiente por parte do xerente do Servizo de Urxencias, que ao noso modo de ver, deben facer reaccionar ao Goberno galego e tomar, de forma inmediata, todas as medidas necesarias para controlar a situación da área, asegurando unha atención digna aos pacientes covid-19 e non covid-19 é pondo en marcha os protocolos necesarios para minimizar os riscos de contaxios de covid-19.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que se están reforzando os servicios de urxencias, UCI e hospitalización covid-19 do Complexo Hospitalario de Ourense con suficiente persoal as gardas e quendas?
2. Como está a evolucionar a demanda de atención médica no Servizo de Urxencias de pacientes covid-19 do CHUO nas últimas semanas? Cales foron as dotacións de persoal en cada quenda?
3. Que previsión de reforzos en medios e persoal ten previsto a Xerencia do CHUO para a presente ola covid-19, incluídos os hospitais de Valdeorras e Verín?
4. Cantas intervencións cirúrxicas, consultas e probas se teñen aprazado ou suspendido na área sanitaria de Ourense dende a segunda quincena de xaneiro?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2021

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 16:51:35
Nº Rexistro: 8991
Data envío: 25/01/2021 16:51:35.911

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/01/2021 16:46:46**

**Julio Torrado Quintela na data 25/01/2021 16:46:55**

**Marina Ortega Otero na data 25/01/2021 16:47:02**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 25/01/2021 16:47:11**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 17:06:12
Nº Rexistro: 8999
Data envio: 25/01/2021 17:06:12.696

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A actitude de desleixo da Xunta de Galicia coa Atención Primaria é algo que os socialistas vimos denunciando durante anos.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do Barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, no que prestaban asistencia sanitaria: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade o cadro de persoal veuse mermada porque dende o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Saúde, sen obter resposta algunha, por parte da Xunta de Galicia, no que é un claro desmantelamento deste centro de saúde que está a deixar á poboación sen atención sanitaria, xa que na actualidade, por unha banda, os 2 médico teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que desprazarse a un centro de saúde da cidade; e por outra os 800 nenos e nenas teñen que acudir ao pediatra do centro da parroquia de saúde de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monteporreiro en Pontevedra, como se viña facendo ata xuño de 2020?
2. Ten a Xunta de Galicia previsto repoñer as vacantes dun médico/a e dunha

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2021 17:06:12
Nº Rexistro: 8999
Data envío: 25/01/2021 17:06:12.696

enfermeira/o, ata cubrir o posto de 3 profesionais en cada unha das categorías?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 25/01/2021 17:04:09**

**Julio Torrado Quintela na data 25/01/2021 17:04:15**

**Marina Ortega Otero na data 25/01/2021 17:04:21**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 11:52:57
Nº Rexistro: 9024
Data envio: 26/01/2021 11:52:57.841

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, en demanda dun plan de actuación urxente encamiñado a rescatar o sector cultural severamente afectado pola pandemia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do segundo semestre de 2020 o Consello da Cultura Galega publicou dous informes -o Barómetro da cultura galega I e a Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020- que radiografaron o estado das axentes e sectores culturais galegos dende que empezou a crise do coronavirus.

As conclusións destes informes reclaman da nosa atención urxente, porque a cultura tamén representa cifras que debemos colocar no punto de mira das gravosas consecuencias da pandemia, ao mesmo nivel doutros sectores produtivos, económicos e de emprego e que esta terceira vaga epidemiolóxica contribúe a agudizar.

Os problemas que veñen afrontando os sectores culturais son múltiples: o cesamento ou caída da actividade e o conseguinte descenso na demanda; o problema de tesouraría; a dificultade para pagar impostos e seguros sociais; os problemas cos provedores e de distribución e os de financiamento; as limitacións de aforo, a inseguridade xurídica e as dificultades para cubrir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene, entre outras.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas dificultades herdadas dun contexto previo precario que confirman que os sectores culturais sufrirán un impacto máis severo que o conxunto da economía.

Na actualidade, nunha nova vaga pandémica, a terceira xa, que aínda impide ver a fin epidemiolóxica, cun marco de mobilidade novamente restrinxido, o sector cultural continúa a afondar na problemática herdada desde o mes de marzo.

Nesta altura de incerteza e inseguridade por causa do contexto epidemiolóxico por covid, son moitos os interrogantes que se sosteñen ou renacen inviabilizando calquera proposta alternativa no curto prazo.

Rematado co 2020 o tempo de actuación do Plan de reactivación dos sectores culturais e turísticos, presentado pola Xunta de Galiza no mes de maio, descoñecemos que valoración cualitativa fai o goberno do cumprimento dos seus obxectivos, se esta foi ou está a ser contrastada cos sectores culturais e como se está a planificar un novo plan de atención e coidado adaptado ás demandas dun sector duramente castigado pola pandemia case sen descanso desde o seu comezo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten feito o goberno unha avaliación cualitativa da repercusión do Plan de reactivación sobre o sector cultural galego?

. Entende o goberno que, en consecuencia, este plan cumpriu o obxectivo de priorizar o rescate dos nosos sectores culturais para participar da súa viabilidade?

. Cales son os datos desagregados dos investimentos de cada unha das liñas que figuraban no plan, coa listaxe de proxectos beneficiarios e cantidades adxudicadas?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 11:52:57
Nº Rexistro: 9024
Data envío: 26/01/2021 11:52:57.841

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son os datos desagregados de canto do orzamento total do que se fala no documento é orzamento que xa figuraba no Orzamento inicial da Xunta para 2020 (indicando en cada caso a partida inicial e a modificación que sofreu) e canto corresponde a novas partidas extraordinarias?

. Contempla a necesidade de convocar por fin liñas de axuda ao gasto corrente, a manter estruturas de traballo, tan demandadas polo sector das artes escénicas?

. Compromete o goberno de forma inmediata algunha medida de acceso rápido a liquidez específica para os sectores culturais, máis aló das medidas xerais de acceso a créditos brandos a Pemes en xeral ou outras destinadas a todos os/as profesionais autónomos/as?

. Compromete, asemade, un plan de rescate destinado a paliar as perdas nas empresas?

. Activará o goberno neste 2021 por fin a tan demandada liña de crédito específica para o sector audiovisual desde o IGAPE?

. O Plan de reactivación cultural recollía unha medida moi demandada polo sector audiovisual que era a posta en marcha dunha nova liña de subvencións de coprodución minoritaria que aínda non arrincou. A que é debido esta falta de compromiso? Que prazo compromete o goberno para executalo?

. Que planificación e cronograma está a deseñar o goberno para achegar un novo plan de reactivación cultural neste 2021?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2021 11:41:07**

**Daniel Castro García na data 26/01/2021 11:41:10**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2021 11:41:21**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 9047
Data envío: 26/01/2021 12:49:27.724

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o establecemento duns sistema de garda de 24 horas nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Acordo de 15 de setembro de 2005 o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou o Regulamento 1/2005 sobre os aspectos accesorios das actuacións xudiciais no que, entre outras materias, establécense os criterios para organizar o sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais.

No Regulamento contemplase un sistema e períodos de gardas dependendo do número de xulgados de instrución ou instancia e instrución cos que conte o partido xudicial, distribuíndose, esencialmente, en 6 grupos. Así, por exemplo establecíase que a garda ordinaria dun partido xudicial que contase con 10 ou máis xulgados de instrución será de 24 horas, mentres que os partidos que conten con 8 ou máis xulgados de instrución as gardas serán de carácter semanal. Neste concreto caso a norma prevé a posibilidade de que o Consello Xeral do Poder Xudicial atendendo ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación e ás características o partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, previo



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma, se poda aplicar o réxime de gardas de 24 horas.

Nos últimos anos a práctica totalidade dos operadores xurídicos dos partidos xudiciais de A Coruña e Vigo (avogacía, procuraduría, fiscalía, xudicatura, sindicatos e traballadores e traballadoras, autoridades locais...) mesmo a meirande partes dos grupos do Parlamento de Galiza veñen solicitando a aplicación do sistema de gardas de 24 horas aos xulgados de instrución de A Coruña e Vigo.

A solicitude en modo algún pode considerarse un mero capricho sen fundamento, pois é unha medida que redundaría na mellor calidade da administración de xustiza, na protección dos dereitos fundamentais das persoas detidas e no dereito ao descanso e a conciliación das traballadores e traballadores da administración de xustiza. Así, por exemplo, facilitaría a interposición das denuncias, axilizaría a tramitación dos procedementos e a celebración dos xuízos rápidos ou evitaría innecesarias prolongacións de detencións.

Resultan tan evidentes os beneficios deste sistema de garda que foi progresivamente estendido a todos os partidos xudiciais de máis 8 xulgados de instrución do Estado, coa incomprensíbel excepción dos de Vigo e A Coruña.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Entende o Goberno Galego que o establecemento dun sistema de garda de 24 horas nos partidos xudiciais que contan con 8 ou máis xulgados de instrución contribuiría a un mellor funcionamento da administración de xustiza e á protección dos dereitos fundamentais da cidadanía?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 9047
Data envío: 26/01/2021 12:49:27.724

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Emitiu a Xunta de Galiza informe favorable ao establecemento dun réxime de garda de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

Recibiu a Xunta de Galiza solicitudes e/ou informes de organizacións sindicais, xudiciais, administrativas ou profesionais demandando ou aconsellando a aplicación dun réxime de gardas de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

Considera a Xunta de Galiza que existen razóns específicas para que os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña sexan os únicos de todo o estado que, contando con máis de 8 xulgados de instrución, non dispoñan dun sistema de garda permanente, de 24 horas?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Mercedes Queixas Zas**

**Carme González Iglesias**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 9047
Data envío: 26/01/2021 12:49:27.724

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 26/01/2021 12:44:41**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 26/01/2021 12:44:46**

**María do Carme González Iglesias na data 26/01/2021 12:44:52**

**Mercedes Queixas Zas  na data 26/01/2021 12:44:58**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 26/01/2021 12:45:06**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:39:37
Nº Rexistro: 9063
Data envío: 26/01/2021 13:39:37.412

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen distintas plataformas en VOSG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004) o Parlamento galego situou como un dos eixos prioritarios da acción de goberno en materia de normalización dos usos da lingua galega os medios de comunicación e as industrias culturais.

Neste senso, prevé a adopción de medidas encamiñadas a garantir o acceso á produción audiovisual galega e en galego mais tamén a aqueloutra estranxeira posibilitando a súa dobraxe ou subtitulado á lingua propia do país.

Nos últimos anos, as novas tecnoloxías, teñen mudado moito o consumo de produtos cinematográficos e audiovisuais e o xurdimento de novos espazos de distribución tamén teñen aumentado a oferta.

Así, estas plataformas son espazos nos que cada vez un maior número de persoas no noso país accede a series e filmes que na súa grande maioría fan parte da produción de países anglosaxóns.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:39:37
Nº Rexistro: 9063
Data envío: 26/01/2021 13:39:37.412

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Gobernos como o vasco ou o catalán levan anos a facilitar subtítulos a estas canles e plataformas co obxectivo de promover o acceso da poboación a estes contidos en VOS. Tanto é así, que é o galego a única lingua que non pode ser seleccionada, o que supón unha vulneración dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos mais tamén unha oportunidade perdida, ou non explorada, para gañar novos espazos de uso (de grande prestixio) para o idioma propio do país, especialmente dirixidos á xente moza.

En Euskadi, o Departamento de Cultura e Política Lingüística do Goberno vasco, puxo a disposición da cidadanía e dos axentes culturais os subtítulos en euskera de filmes e series de ficción producidas en linguas estranxeiras a través da Open Data Euskadi e ten asinado acordos con Movistar+ (2016) ou Canal+ (2014) para ofrecer os seus contidos audiovisuais en VOS.

Pola súa banda, Netflix comezou en 2016 a ofrecer filmes dobrados ao catalán sumándose a outros provedores que xa o viñan facendo con anterioridade como Yomvi, Filmin, AppleTV e Canal+ grazas á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat.

Desde 2019 a sociedade galega está a demandar, publica e organizadamente, a través de diferentes iniciativas (campañas na rede, recollida de sinaturas en Change.org, proposición parlamentar por Iniciativa Popular aínda en proceso) a recepción como usuaria deste tipo de contidos con acceso á nosa lingua propia, a través da dobraxe e subtitulado, na procura de avances na normalización do seu uso tamén no consumo dos contidos audiovisuais dixitais.

Xa en 2018, Movistar+ manifestou, nunha resposta á Mesa pola Normalización Lingüística, a súa vontade de incorporar o galego a este acordo, polo que a decisión final dependía da Xunta de Galiza. Mais desde aquela ningunha nova se produciu en

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:39:37
Nº Rexistro: 9063
Data envío: 26/01/2021 13:39:37.412

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sentido positivo para que o galego deixase de estar ausente nestes formatos audiovisuais tan demandados socialmente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non é posíbel a día de hoxe acceder aos contidos dos diferentes provedores e plataformas audiovisuais na nosa lingua propia e oficial á par doutras moitas?

- Que medidas correctoras ten desenvolvido a Xunta de Galiza para actuar na reversión desta desigualdade sociolingüística?

-Vai adoptar o Goberno galego algunha medida próxima que promova a oferta da lingua galega no acceso aos contidos ofertados polas diferentes plataformas dixitais provedoras de series e cinema para atender a demanda social?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:39:37
Nº Rexistro: 9063
Data envio: 26/01/2021 13:39:37.412

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/01/2021 13:35:38**

**Daniel Castro García na data 26/01/2021 13:35:43**

**Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2021 13:35:53**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:55:40
Nº Rexistro: 9068
Data envío: 26/01/2021 13:55:40.326

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG de PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A situación na que se atopa a rúa Diego Pazos en Sarria, de titularidade autonómica, entre os cruces de A Avenida e A Ciguñeira é lamentable. Vén sendo obxecto de críticas dende hai moito tempo por parte da veciñanza, así como dos comerciantes desta rúa.

O mal estado do firme pode ocasionar danos aos usuarios desta rúa e ademais compromete a rede de saneamento que se ve gravemente afectada pola acumulación de saburra e outros residuos derivados do deterioro continuo.

As administracións deben de velar por protexer os intereses dos veciños e veciñas, así como dos seus comerciantes, máxime neste momento nos que estes últimos o están a pasar francamente mal pola pandemia da covid-19 e a conseguinte crise económica que está a xerar.

A Xunta de Galicia ten abandonado este viario da súa propiedade por non executar o seu acondicionamento, nin tampouco conceder o permiso ao Concello para o seu arranxo, xa que os traballos de mellora propostos polo Concello de Sarria foron rexeitados en varias ocasións por parte da Administración autonómica.

É preciso solucionar o problema do mal estado deste viario, máis deteriorado, se cabe, coas inclemencias meteorolóxicas destes últimos días, que fixeron practicamente intransitable ese tramo.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego asumir a súa responsabilidade e arranxar a rúa Diego Pazos en Sarria de titularidade autonómica?

2ª) No suposto de que non asuma esa responsabilidade, vai autorizar ao Concello de Sarria a arranxar o tramo entre os cruces A Avenida e A Ciguñeira na rúa Diego Pazos de Sarria?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:55:40
Nº Rexistro: 9068
Data envio: 26/01/2021 13:55:40.326

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 26/01/2021 13:32:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2021 13:32:26**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:58:17
Nº Rexistro: 9075
Data envío: 26/01/2021 13:58:17.420

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG de PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia é a norma que rexe a elaboración das novas propostas de titulacións así como a súa modificación e supresión.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) asinaron en marzo de 2017 un acordo para definir os principios reitores da planificación da oferta académica universitaria galega ata o curso 2020-2021.

Respectando este marco normativo, durante o ano 2020 os departamentos das universidades galegas prepararon as súas propostas de programas de doutoramento para implantar no curso 2020-21 cun prazo límite que por causa da covid-19 foi prorrogado do 31 de xullo ao 30 de setembro. Mais finalmente, a Secretaría Xeral de Universidades denegaba as propostas presentadas polas universidades aducindo que decidira que ía abrir un tempo de reflexión acerca do mapa de titulacións do SUG.

É importante subliñar que a denegación da aceptación das propostas non se baseou en cuestións técnicas que determinasen deficiencias nos informes, senón unicamente na decisión de repensar o mapa de títulos do SUG.

Tendo en conta, que os informes coas propostas de novos títulos de doutoramento están xa elaborados por parte das universidades e que o tempo transcorre sen que exista aínda un marco normativo que os regule para a súa implementación no curso 2021-2022, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son as previsións da Secretaría Xeral de Universidades para dar a coñecer os criterios dos novos títulos de doutoramento das universidades públicas galegas?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 13:58:17
Nº Rexistro: 9075
Data envio: 26/01/2021 13:58:17.420

2ª) Ten previsto que no curso 2021-2022 as universidades galegas poidan ofrecer novos títulos de doutoramento?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 26/01/2021 13:49:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/01/2021 13:49:26**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 9081
Data envío: 26/01/2021 14:01:36.327

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A empresa Galicia Téxtil é unha empresa senlleira no concello de Neda e unha das fábricas máis antigas da comarca de Ferrol. A vinculación da empresa co concello a súa veciñanza e o entorno forma parte xa da historia deste municipio.

Actualmente Galicia Téxtil conta con 36 traballadoras e vén de comunicar a intención de realizar 20 despidos baseándose nun ERE que intenta negociar por cuestións económicas.

Galicia Téxtil produce tecido para a confección dentro dun dos maiores grupos empresariais do téxtil de Europa (Téxtil Santanderina) e di querer mudar o modelo produtivo para ter beneficios no ano 2022.

As traballadoras e traballadores e os seus representantes sindicais, opóñense á adopción desta dramática medida ao entender que é desproporcionada a respecto da situación da empresa entendendo que se deben aplicar medidas menos lesivas para as traballadoras, introducindo axustes a través das prexubilacións do persoal de maior idade ou dos ERTE rotativos.

Cremos que é viable manter a produción e os postos de traballo, ademais dunha necesidade, tendo en conta a situación de declive industrial que está a padecer a comarca de ferrolterra, comarca que non se pode permitir continuar nesta sangría industrial, económica e social.

Por todos estes motivos, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Ten previsto o Goberno galego intervir para conseguir o mantemento dos 36 postos de traballo da empresa Galicia Téxtil?

2ª. Ten vinculación a concesión de xeración de enerxía hidráulica de 200 kw que ten a empresa na Presa do Rei coa actividade industrial no téxtil? Recibiu esta empresa axudas públicas?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 9081
Data envío: 26/01/2021 14:01:36.327

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 26/01/2021 11:27:41**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2021 11:28:00**

**Pablo Arangüena Fernández na data 26/01/2021 11:28:11**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:30:26
Nº Rexistro: 9088
Data envio: 26/01/2021 16:30:26.084

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa a UCI de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Coidados Críticos de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela atópase nunha situación verdadeiramente dramática, cunha infraestrutura que, se ben xa se vía insuficiente, agora móstrase claramente pouco axeitada e deficitaria para afrontar a cantidade de ingresos derivados da pandemia da COVID-19 cos riscos que deles se derivan.

O persoal ten denunciado en numerosas ocasións múltiples carencias de medios tendo que utilizar en moitas ocasións material en mal estado ou reparado de xeito precario e ineficiente. Ademais, a estas múltiples eivas materiais, súmase unha infraestrutura pouco axeitada, que non conta con cubículos pechados que permitan illar a pacientes con risco infeccioso.

Neste senso, o informe de prevención de riscos laborais realizado en decembro de 2020 apunta que a exposición a riscos biolóxicos é dun risco importante, ao que se lle asocian unha serie de medidas que, por mor desta cualificación, deben ser adoptadas de inmediato por parte da Xerencia da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza. Non obstante, a pesar desta cualificación por risco de exposición a SARS-CoV-2, a Xerencia



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:30:26
Nº Rexistro: 9088
Data envío: 26/01/2021 16:30:26.084

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza non realizou a planificación preventiva derivada desta avaliación de riscos conforme ao disposto no Real Decreto 39/1997 no que se regulan os servizos de prevención.

Esta situación foi denunciada en numerosas ocasións polo cadro de persoal deste servizo, mais a falta de solucións e de medidas efectivas, viñeron a desembocar nunha convocatoria de folga indefinida feita en novembro do pasado ano e que se mantén a día de hoxe.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

É consciente o Goberno galego da situación que atravesa a UCI de Adultos do Hospital Clínico de Santiago de Compostela e de vulneración de dereitos laborais?

Cal é a razón pola que non se realizaron as melloras sinaladas na avaliación de riscos laborais?

Que medidas ten contempladas o goberno para atender ás demandas formuladas polo cadro de persoal da UCI de Adultos do CHUS?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:30:26
Nº Rexistro: 9088
Data envio: 26/01/2021 16:30:26.084

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2021 16:26:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2021 16:26:16**

**Iria Carreira Pazos na data 26/01/2021 16:26:24**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:59:14
Nº Rexistro: 9096
Data envio: 26/01/2021 16:59:14.067

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a realización de cribados masivos PCR nos Concellos de Moeche, Fene e Cabanas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incidencia do COVID 19 está a rexistrar unha elevadísima incidencia nalgúns concellos, experimentando durante os últimos 10 días un alarmante aumento de contaxios, sobardando por moito as ratios establecidas ao respecto. Neste caso atópanse os concellos de Moeche, Fene, Cabanas ou Pontedeume.

A realidade que destes concellos presenta un escenario máis que preocupante; xa que nalgúns casos falamos de afectación en unidades familiares de persoas de tres xeracións, dando lugar a situacións nas que conviven no mesmo domicilio xentes de avanzada idade con persoas novas.

A Consellería de Sanidade comezaba a mediados do pasado ano operacións de cribados masivos nalgúns concellos, dirixidas aos colectivos máis expostos á COVID-19 anunciando, ademais, que esta medida se xeneralizaría como xeito de detectar posíbeis casos de persoas contaxiadas, indicando que a realización das probas faríase a petición dos concellos onde se rexistra elevada incidencia.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:59:14
Nº Rexistro: 9096
Data envio: 26/01/2021 16:59:14.067

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, semella que a pesar das peticións trasladadas e mesmo reiteradas por parte dalgúns concellos, a Consellaría non concreta na súa resposta se finalmente vai atendelas, mentres que a incidencia segue a aumentar dun xeito alarmante.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

É coñecedora a Xunta de Galiza da elevadísima incidencia que está experimentando a COVID-19 nalgúns concellos, que sobarda amplamante as ratios que se manexan ao respecto?

É consciente a Xunta de Galiza do escenario que representa esta situación, nomeadamente en unidades familiares onde conviven varias xeracións de persoas?

Ten previsto a Xunta de Galiza realizar con carácter urxente cribados masivos entre a poboación deses concellos?

Por que a Consellaría non contesta con claridade ás peticións dos Concellos? Conta a Consellaría con medios suficientes para atender as solicitudes recibidas?

Por que nunha crise sanitaria xestionada con supostos criterios técnicos a Xunta de Galiza non pode adiantar ou establecer con claridade cal é a ratio de contaxios a partir da cal o goberno realizará cribados masivos PCR nos ámbitos afectados?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 16:59:14
Nº Rexistro: 9096
Data envio: 26/01/2021 16:59:14.067

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2021 16:55:47**

**Iria Carreira Pazos na data 26/01/2021 16:56:06**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2021 16:56:21**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 17:13:04
Nº Rexistro: 9102
Data envío: 26/01/2021 17:13:04.228

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Na situación pandémica actual, o sector turístico foi e é, sen dúbida, un dos sectores económico máis golpeado. Os ingresos de case a totalidade de empresas turísticas son escasos ou nulos desde que estamos nesta situación de crise sanitaria e económica.

Dentro do sector turístico, un dos sectores máis afectado pola pandemia é o das axencias de viaxes. Desde os primeiros meses do ano 2020, sufriron cancelacións constantes das reservas feitas, o que implica que de todo o traballo que levan feito dende 2019 para os viaxes previstos en 2020, non obtiveron beneficio.

O comezo deste ano 2021 a súa situación vai a peor debido as novas restricións causadas pola evolución da pandemia. As novas restricións teñen que vir acompañadas con axudas directas e inmediatas para este sector.

O día 20 de xaneiro as axencias de viaxes en Galicia recibiron unha notificación conforme tiñan que pagar o seguro de responsabilidade civil e de fianza que a Xunta de Galicia lles esixe ter para manter a licenza.

Hai máis dun mes, o vicepresidente primeiro, anunciou na Sesión plenaria do Parlamento de Galicia do 8 de decembro de 2020, axudas para que este sector puidese cubrir o custo dos seguros. Días despois nunha reunión con algunhas asociacións de turismo, lanzou a mesma mensaxe pero esta vez citou que a Xunta de Galicia achegará un orzamento de 400.000 € para axudar ás axencias de viaxes a pagar estes seguros que lles requiren ter.

Son máis de 600 axencias e o custo do seguro para moitas delas supera os 1000 €, co cal esta axuda é insuficiente para cubrir este gasto. Non só iso, dende o mes de novembro ata hoxe e non se sabe ata cando, as axencias de viaxes de Galicia non poden vender porque o seu produto é a mobilidade. Para este peche encuberto, non se acompañan medidas económicas para poder sobrevivir mentres a covid-19 segue afectando á mobilidade da cidadanía.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a facer efectivas as axudas para os seguros das axencias de viaxes anunciadas polo vicepresidente primeiro?
2. Cal vai ser a data en que as axencias de viaxes empezarán a recibir as axudas para os seguros?
3. Considera o Goberno galego que o total das axudas previstas é suficiente para as axencias de viaxes?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 26/01/2021 17:06:30**

**Martín Seco García na data 26/01/2021 17:06:36**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 17:21:00
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 26/01/2021 17:21:00.038



**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

As condutas relacionadas co xogo e as apostas están sendo obxecto dun intenso e importante debate nos últimos tempos, debido ao seu forte impacto sobre a sociedade e sobre os problemas das condutas aditivas, de maneira especial no caso dos máis mozos e mozas. As políticas públicas orientadas a afrontar este problema veñen amosando o problema da ausencia dunha regulación adaptada á realidade actual, sobre novas formas de xogo e apostas polo avance da tecnoloxía.

Nesta liña, a lexislatura 2016-2020 no Parlamento de Galicia viviu varios debates sobre a necesidade de que exista lexislación a este respecto, sobre a que o Goberno galego anunciou constantemente a existencia dunha lei autonómica do xogo pero que nunca chegou á Cámara. Durante este tempo, non en tanto, e á vez que se viña advertindo de que existiría unha normativa que regulara a implantación e funcionamento deste sector, aumentaron enormemente a implantación de locais de apostas e a situación de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería. Toda esta estratexia de desenvolvemento foi posible por unha ausencia de normativa, e aproveitando o tempo previo á entrada dunha posible nova lexislación, existindo un posible efecto chamada con este motivo.

Recentes estudos sobre a cuestión, con datos enormemente contrastados, apuntan a un grave perigo para a saúde dos cidadáns, especialmente para aqueles máis mozos e mozas porque son especialmente sensibles a estes problemas. A este respecto vense graves perigos na existencia de máquinas de apostas deportivas en locais de hostalería de fácil acceso, a presencia de numerosos locais de xogo nas cidades nos que existen débiles ou inexistentes mecanismos de control de acceso ou a publicidade esaxerada aproveitando figuras coñecidas en espazos ou horarios de libre acceso para a poboación.

De maneira específica, durante este último ano de pandemia as casas de xogo e apostas viviron unha permisividade maior que o conxunto da hostalería, con horarios máis laxos e menores restricións, o que resulta incomprensible dende calquera punto de vista. O Goberno da Xunta de Galicia, a preguntas do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia apuntou que non había riscos nestes espazos porque non existía excesiva interacción, o que é contraditorio coas consideracións

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 17:21:00
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 26/01/2021 17:21:00.038

que se fan de espazos de hostalería que formularon a incorporación de medidas hixiénicas e de control moi elevadas.

Mentres isto ocorre, dende o Goberno da Xunta de Galicia sigue a permitirse a barra libre normativa e compártense actos, premios e encomios recíprocos e públicos entre Goberno e sector empresarial acerca dun problema de saúde pública que está a danar gravemente a moitas persoas e familias. Paralelamente os orzamentos autonómicos 2021 incorporaron medidas de bonificación e axuda a locais do sector do xogo e apostas, con maior celeridade e facilidade que a outros sectores con maiores dificultades.

Hai unha necesidade urxente de implementar lexislación que controle e regule a implantación do sector do xogo e apostas, que permita afrontar os problemas derivados deste novo problema con recursos materiais e persoais e que facilite a posibilidade de coñecer e estudar con profundidade o escenario para poder dotarnos de mellores ferramentas e coñecemento para combatelo. Esta lexislación debe contemplar liñas claras baseadas na prevención, con especial atención ás idades máis novas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia ten freado a tramitación parlamentaria dunha futura lei do xogo mentres facilita as posibilidades de apertura ante as restricións e dota de maiores e máis áxiles axudas ante elas en comparación co resto do sector do ocio?

2. Que volume de locais destinados ao xogo e/ou apostas téñense instalado en Galicia durante os últimos 4 anos?

3. Por que a o Goberno da Xunta de Galicia ten axilizado as axudas e apoio económico ao sector do xogo durante a pandemia mentres se enlentecen estas posibilidades para o resto do sector do ocio?

4. Considera necesario o goberno da Xunta de Galicia limitar a difusión de publicidade asociada ao xogo e apostas nos medios de comunicación e, de maneira especial e absoluta, nos medios de comunicación públicos?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 17:21:00
Nº Rexistro: 9109
Data envio: 26/01/2021 17:21:00.038

5. En que medida o goberno da Xunta de Galicia toma as medidas axeitadas para adecuar a súa normativa e acción aos cambios normativos que se promoven dende o Goberno de España na loita contra o xogo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 26/01/2021 17:09:17**

**Marina Ortega Otero na data 26/01/2021 17:09:25**

**Paloma Castro Rey na data 26/01/2021 17:09:36**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 18:05:09
Nº Rexistro: 9119
Data envío: 26/01/2021 18:05:09.452

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 26 de xullo de 2019 o Consello de Contas presentou no Parlamento de Galicia unha serie de informes de fiscalización, entre os que se encontraba o Informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016, correspondente ao Plan de Traballo anual do Consello de Contas para 2018.

Nas conclusións contidas no dito informe de fiscalización o Consello de Contas informa de que é responsabilidade do Consello da Xunta autorizar a disolución das sociedades mercantís autonómicas e determinar o destino do haber social a proposta da consellería de facenda e previa iniciativa da consellería e entidade interesada, correspondéndolle tamén autorizar a extinción das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma, así como que é a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Avaliación, a quen lle corresponde elaborar os plans de racionalización e reestruturación co obxectivo de racionalizar o gasto e mellorar a xestión e que á Consellería de Facenda lle corresponde levar un rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia e centralizar a información que se remite ao Ministerio de Facenda para o mantemento e actualización permanente do Inventario de Entes Públicos.

Tras constatar que é responsabilidade do Consello de Contas expresar conclusións sobre a adecuación á normativa aplicable e a efectiva consecución dos obxectivos do proceso de extinción destes entes como consecuencia da reestruturación do sector público, así como as recomendacións que se deriven das ditas conclusións.

O Informe contén tres conclusión sobre o cumprimento da legalidade:

"*a) A Xunta de Galicia non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Esta limitación impide coñecer as entidades que a Xunta de Galicia considera como entidades instrumentais ou dependentes e motiva que*

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*a delimitación neste informe teña que realizarse a partir do Inventario de Entes Públicos do Ministerio de Facenda como único rexistro público oficial dispoñible.*

*b) As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas. A apertura dun proceso de disolución non dispensa da obriga de rendición de contas xa que estas deben ser rendidas ata o último exercicio no que se produza a liquidación definitiva da entidade.*

*c) A asunción pola Axencia de Turismo do inmobilizado de Turgalicia e do Consorcio Instituto de Estudios Turísticos non está reflectida contablemente nin consta a acta de cesión dos bens".*

Conforme a estas conclusións, o Consello de Contas expresa varias recomendacións, entre outras, culminar o proceso de integración contable e adscrición dos bens das entidades extinguidas ás entidades que asumiron eses medios materiais e desenvolver o rexistro de entidades do sector público da Comunidade prevista na Lei de organización e funcionamento da administración xeral de Galicia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre do informe sobre os procesos de extinción das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia 2010-2016?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o feito de non ter posto en marcha o rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o feito de que as contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non renderan contas ao Consello?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o feito de que a asunción pola Axencia de Turismo do inmobilizado de Turgalicia e do Consorcio Instituto de Estudios Turísticos non estea reflectida contablemente nin conste a acta de cesión dos bens?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2021

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2021 18:05:09
Nº Rexistro: 9119
Data envio: 26/01/2021 18:05:09.452

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  na data 26/01/2021 17:58:26**

**Juan Carlos Francisco Rivera  na data 26/01/2021 17:58:40**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 12:38:45
Nº Rexistro: 9187
Data envio: 27/01/2021 12:38:45.004

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 11 de xaneiro de 2020 entrou en vigor a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Cando se tramitou no Parlamento de Galicia este texto normativo, o grupo parlamentario socialista manifestou a súa oposición fundamentalmente porque a lei ten orientacións que parten dun suposto de desconfianza da Xunta de Galicia cara á Administración local, á que en moitas veces se lle atribúe (e con razón) un elevado grao de autonomía pero á que se lle impón con este texto unha absoluta tutela cando non obrigas de moi difícil asunción.

Así, podemos destacar os seguintes aspectos negativos máis relevantes da lei:

- Insístese máis (e de feito así se regula) nos procedementos coercitivos que nos mecanismos de colaboración e no seu fomento.

- Non se amplían as vías de financiamento, que quedan exclusivamente limitadas aos concellos ou a Augas de Galicia.

- Imponse aos concellos a recepción de obras, aínda que existan discrepancias entre as administracións locais e autonómica, xa que as obras pasan a ser competencia dos concello cunha simple comunicación.

- Non se garante en ningún caso axuda financeira aos concellos para un paso tan elemental, previo e imprescindible como son as auditorías previas nin, por suposto, as actuacións necesarias para acadar o obxectivos dun máximo dun 20 % de perdas nas redes de abastecemento.

- Tamén se perde a oportunidade (apelando a esa autonomía local que o propio texto parece ignorar) de harmonizar as contías das sancións nos casos de incumprimento do réxime regulador do abastecemento ou saneamento.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 12:38:45
Nº Rexistro: 9187
Data envío: 27/01/2021 12:38:45.004

- Resulta particularmente taxativa e imperativa impoñendo prazos de moi difícil cumprimento para concellos e deputacións provinciais á vez que é máis laxa coa propia Xunta de Galicia.

- Introduce definitivamente un gravame sobre as perdas nas redes que superen o 20 %, cando sería máis pertinente e mesmo eficaz, desenvolver un plan que promovese as actuacións precisas para que ese 20 % non se superase ou que fose minoritario ou mesmo residual.

En todo caso, o texto introduce obrigas que tiñan que ser cumpridas no primeiro ano de vixencia da lei, como por exemplo a que se establece na disposición adicional terceira, sobre a obriga da instalación de contadores homologados de medición de consumo de auga, que determina que no prazo máximo dun ano, contado desde a entrada en vigor desta lei, as persoas titulares das redes de abastecemento deben dispoñer de contadores homologados de medición de consumo de auga en todos os puntos de captación ou de subministración en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa; ou a establecida na disposición transitoria segunda, sobre a vixencia dos actuais plans de emerxencia ante situacións de seca na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que determina que os plans de emerxencia ante situacións de seca aprobados no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán continuar a aplicarse no que non se opoñan ao seu contido e que estes plans deberán ser remitidos a Augas de Galicia no prazo máximo de seis meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, para analizar a compatibilidade das súas previsións co establecido nela.

En definitiva, hai obrigas que nesta data deberían estar cumpridas polo que o coñecemento do seu grao de cumprimento resulta un indicador imprescindible para coñecer a eficacia do texto normativo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia sobre o cumprimento, no primeiro ano de vixencia, da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario?

2ª) Cantos titulares de redes de abastecemento tiñan a obriga de dispoñer de contadores homologados de medición de consumo de auga en todos os puntos de captación ou de subministración en alta e nos puntos de subministración final en

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 12:38:45
Nº Rexistro: 9187
Data envío: 27/01/2021 12:38:45.004

alta ou en baixa antes do mes de xaneiro deste ano? Cantos cumpriron esa obriga?

3ª) Cantos plans de emerxencia ante situacións de seca estaban aprobados no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa con anterioridade á entrada en vigor da lei? Cantos foron remitidos a Augas de Galicia dentro do prazo máximo de seis meses, contado desde a entrada en vigor da lei, para analizar a compatibilidade das súas previsións co establecido na propia lei?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/01/2021 12:26:04**

**Patricia Otero Rodríguez na data 27/01/2021 12:26:17**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 13:40:07
Nº Rexistro: 9202
Data envío: 27/01/2021 13:40:07.613

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ausencia dos graos de Lingua e Literatura galega na concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2019 na universidades do SUG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é sabido a Xunta de Galiza outorga uns galardóns cunha importante dotación económica de até 3500 euros aos e ás mellores alumnas do sistema universitario galego. Estes premios, denominados como "Premios fin de carreira", empregan as medias deses alumnos como método para decidir cales son os premiados ou premiadas. Deste xeito, cada unha das ramas de coñecemento ten asignada un premio, e entre estas ramas atópase, por suposto, a dos estudos de Lingua e Literatura galega.

Pola contra, no que se refire aos premios do alumnado que rematou os seus estudos no 2019 observamos como a rama de coñecemento do galego non ten ningún premio concedido a ningunha persoa. Este feito levou a que estudantes dese ano decidisen reclamar esta ausencia do galego nos premios fin de carreira e intentar coñecer a razón pola cal non había ningún premio concedido a esta rama. Os resultados que obtiveron estaban relacionados coa ausencia do mínimo de 30 egresados para poder optar ao premio, algo que provocaba que estes graos de estudo da nosa lingua e



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

literatura se tivesen que "xuntar" con graos da mesma rama para chegar a este número necesario.

Na realidade, sábese que os graos que se agrupan, en moitas ocasións non son en absoluto da mesma rama de coñecemento. Deste xeito, desde o BNG consideramos inadmisible que en Galiza non se garanta que o estudantado de Lingua e Literatura Galega teña asignado canto menos un destes galardóns, sen ter en conta o número mínimo de egresados e egresadas, xa que tendo en conta que a lingua galega é a lingua propia de Galiza e que estes estudantes só poden optar a este tipo de premios no noso país, é máis ca necesario asegurar que esta rama de coñecemento teña garantido un destes galardóns.

A isto tamén hai que sumarlle o feito de que a opacidade é moi elevada, xa que os e as estudantes non poden ver cal é a nota coa que os e as premiadas acadaron o galardón. Isto faise especialmente grave nos casos nos que se xustifica a denegación dun premio aludindo a que se ten unha nota inferior ca da persoa premiada sen indicar cal é a nota desta persoa.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Está disposta a Xunta de Galiza a garantir de forma estable a existencia dun premio fin de carreira para a rama de coñecemento de Lingua e Literatura Galega sen que sexa necesario alcanzar os 30 egresados e egresadas?

Cal é a razón pola cal non se publican as notas coas que se acadan estes premios?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2021 13:34:39**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2021 13:34:42**

**Daniel Castro García na data 27/01/2021 13:34:51**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 17:57:34
Nº Rexistro: 9223
Data envio: 27/01/2021 17:57:34.315

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda de actuacións comprometidas por parte do goberno para contribuír a dinamizar a celebración do Día de Rosalía o 24 de febreiro, coincidindo coa data de nacemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No calendario cronolóxico, identitario e emocional galego a data do 24 de febreiro é celebrada como o Día de Rosalía. Celebrada e consolidada en Galiza como unha data referencial que homenaxea o día do nacemento da escritora fundacional da literatura galega contemporánea, Rosalía de Castro.

O 24 de febreiro de 1837 nacía Rosalía de Castro, escritora e pensadora que, nos seus apenas 48 anos de vida, foi quen de construír, a contrafío e contravindo cánones impostos, unha obra valente, imbricada nas raíces do seu espazo e lugar, como un retrato colectivo con vocación atemporal e universal, que chega a nós aínda agora no século XXI como un relato perceptíbel en presente continuo.

A pegada rosaliana está máis viva do que nunca porque é máis necesaria que nunca a lectura e revisión do seu pensamento e traballo literario para a sociedade galega. Son moitas as responsábeis neste logro colectivo. Por unha banda, o impulso de estudos bibliográficos e investigacións novidosas que abriron os camiños dunha interpretación histórica reprimida, simplificada, limitada e mesmo censuradora dunha autora que foi



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 17:57:34
Nº Rexistro: 9223
Data envio: 27/01/2021 17:57:34.315

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quen de se adiantar ao seu tempo. E pola outra, a implicación da sociedade galega, a título individual ou organizada en colectivos sociais e culturais moi diversos, que contribuíu solidariamente á popularización, ano tras ano, da súa figura e obra, a través de múltiples lecturas e reintepretacións, configurando canda ela un imaxinario literario colectivo actual.

Nos últimos anos o nome de Rosalía de Castro recuperou o seu protagonismo ao se fixar nominalmente na identificación do aeroporto de Santiago de Compostela, na nomenclatura dun avión da compañía Norwegian ou dando nome á estrela HD 149143 na constelación de Ofiúco.

Hoxe Rosalía está máis viva na sociedade galega, e con importante recoñecemento internacional a través da tradución e da investigación literaria, grazas á activación revisionista dunha voz complexa polo seu alto valor literario, histórico, patriótico e liberador das mulleres, un precedente que a converteu en muller, galega e escritora referente para as voces máis novas.

Unha autora recoñecida e valorada como pioneira no seu papel reivindicador na recuperación do galego como lingua de cultura e na emancipación da muller, así como a voz do pobo silenciado e oprimido desde unha honesta conciencia de clase.

Cumpriuse, pois, a demanda de Ricardo Carvalho Calero: “A Rosalía hai que desmitificala. Agora ben: un mito é tamén unha realidade, e hai que rexistrala. A crítica literaria ou a historia ou a ciencia da literatura non poden falsear a verdade. Mais a antropoloxía, ou a etnografía, ou a mitoloxía poden rexistrar os mitos, deben rexistrar os mitos. E os mitos, os verdadeiros mitos, son un ben cultural colectivo ”.

Un ben cultural colectivo recuperado desde o compromiso colectivo popular non sempre ben acompañado pola actuación do goberno galego, ausente na planificación dun

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2021 17:57:34
Nº Rexistro: 9223
Data envio: 27/01/2021 17:57:34.315

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programa coordinado de accións de impulso do legado autorial rosaliano que contribúan a ensanchalo dentro e fóra de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galiza a actualización do legado rosaliano e a recuperación da inmensa popularización da obra e do pensamento de Rosalía de Castro?

2. Que razóns avalaron anualmente a demanda da CIG-Ensino de incorporar o Día de Rosalía na relación de conmemoracións destacadas no artigo 8 do calendario escolar?

3. Está a planificar o goberno galego un programa de difusión do legado rosaliano promocionando o seu coñecemento, recoñecemento e investigación no seo da sociedade galega e na proxección exterior?

4. Apoia o goberno a creación do Instituto Rosalía de Castro para a proxección exterior da cultura e lingua galegas, un organismo público cuxo obxectivo sexa promover e difundir internacionalmente o estudo da lingua galega no exterior, a tradución da literatura e o pensamento escrito en galego, así como a creación cultural galega en ámbitos como o teatro, o cinema, a danza e artes do movemento, a música, as artes visuais, o deseño ou o patrimonio?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/01/2021 17:47:59**

**Daniel Castro García na data 27/01/2021 17:48:03**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/01/2021 17:48:36**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9228
Data envio: 27/01/2021 18:43:21.502

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda ao goberno das xestións necesarias para os galegos e galegas accederen ao visionado da serie "3 Caminos" en galego na televisión pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade vén de presentar a primeira iniciativa vinculada ao programa do Xacobeo 2021, consistente na estrea da serie "3 Caminos" que conta cunha achega de 1,5M€ por parte da Xunta de Galiza a partir dunha convocatoria "creada polo Ano Santo para difundir os valores do Camiño e a imaxe de Galicia en todo o mundo".

Desde o pasado 22 de xaneiro, segundo indica o titular responsábel da Consellería, esta serie, que cualifica como "a gran aposta audiovisual do Goberno galego polo Xacobeo 2021", "levará os valores do Camiño de Santiago en 240 territorios de man de Amazon Prime Video" cunha audiencia potencial de 200 millóns de persoas.

Malia ser cualificada esta serie polo presidente da Xunta como a primeira serie internacional sobre o Camiño de Santiago e como a mellor carta de presentación de Galiza, no BNG manifestámonos sorprendidas ao comprobarmos que, malia térense



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9228
Data envio: 27/01/2021 18:43:21.502

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investido 1,5 millóns de euros dos impostos da sociedade galega, deberemos volver pagar para vela, xa que unicamente se emite nunha plataforma dixital de pago.

Asemade, verificamos que a Xunta non condiciona esta emisión con dereitos en exclusiva a esta plataforma dixital ao feito de ofertala en galego, como si fai en diferentes idiomas como español e inglés, en versión audio, e a maiores italiano e portugués en versión subtitulada.

Con todo, aínda o desconcerto é maior desde o momento en que as redes sociais da TVG anuncian que a serie xa está dobrada ao galego, mesmo amosando un trailer, mais que non se nos permitirá vela até o verán, seis meses despois de millóns de persoas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que razón xustifica que, despois de teren custeado os galegos e as galegas con 1,5 millóns de euros a produción da serie "3 Caminos", teñan que volver pagar para visionala ao estar só dispoñíbel nunha plataforma dixital de pagamento?

- Que razóns impiden que a devandita serie estea accesíbel a través da TVG?

- Por que non se gravou orixinalmente esta serie en galego, ambientada en Galiza, xeográfica e culturalmente?

- Se, como comunicou a TVG, a serie xa está dobrada ao galego, por que non se emite?

- Por que non se esixe a Amazon Prime que a serie estea dispoñíbel en lingua galega ao igual que en español, inglés, portugués e italiano?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non se facilita o seu visionado nas outras linguas oficiais do Estado para dar cumprimento ao seu carácter plurilingüe?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Daniel Castro García**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 27/01/2021 18:38:49**

**Daniel Castro García  na data 27/01/2021 18:38:54**

**Mercedes Queixas Zas  na data 27/01/2021 18:39:05**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9235
Data envio: 27/01/2021 19:47:12.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento das medidas de prevención da covid-19 nas grandes cadeas de alimentación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG nº 16-bis do 26 de xaneiro de 2020 publícase a Orde, da mesma data, que establece as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en Galiza.

Nesta orde no punto 3.7 do ANEXO recolle as limitacións de capacidade e as medidas de prevención específicas dos establecementos que teñan a condición de centros e parques comerciais ou que formen parte deles e grandes superficies comerciais, nas que se inclúen as grandes superficies.

Esta Orde establece que as grandes superficies non poderán superar o trinta por cento da súa capacidade total, que deberán establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos locais e establece as medidas hixiénico - sanitarias que deberán prestar á clientela.

Estas medidas están encamiñadas a garantir a saúde das traballadoras e das persoas que mercan no establecemento, mais as grandes cadeas de alimentación non as están cumprindo. Non están cumprindo nin o 30% da capacidade total, o máximo



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 9235
Data envío: 27/01/2021 19:47:12.873

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permitido; nin están tomando as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no interior dos establecementos e evitar as aglomeracións, nin controlando o uso das máscaras, nin do xel hixiénico, nin de luvas.

Esta situación é xeneralizada e pode ser comprobada acudindo a calquera supermercado ou hipermercado dun grande cadea de alimentación . Amais disto as traballadoras, a través das organizacións sindicais, xa teñen denunciado diante da Inspección de Traballo está situación.

Dende o BNG consideramos que non é aceptable que esta situación repercuta na saúde física e mental do persoal deste sector, considerado como esencial, que leva dende marzo de 2020 traballando sen descanso, con exceso de horario e coa presión que supón traballar co medo permanente a ser contaxiada.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Coñece o goberno galego o incumprimento reiterado por parte das grandes cadeas de alimentación das medidas preventivas establecidas para facer fronte ao COVID-19 ?

- Está o Goberno galego, como autoridade sanitaria e laboral, vixiando o cumprimento destas medidas preventivas nos establecementos das grandes cadeas de alimentación?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 27/01/2021 19:40:34**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 27/01/2021 19:40:44**

**María do Carme González Iglesias na data 27/01/2021 19:40:58**



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:12:16
Nº Rexistro: 9244
Data envio: 28/01/2021 10:12:16.199

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Dende o inicio da pandemia provocada pola covid-19 o persoal sanitario está sendo o parapeto e a trincheira que frea a súa expansión e, esforzadamente, está conseguindo minorar un dano de por si moi impactante.

Este colectivo viu, durante o último ano, como os recursos materiais de protección tiveron épocas de máis difusión e de menos atención por parte das direccións, froito da dificultade de xestión dende o inicio da pandemia e as complicacións para subministrar material de maneira axeitada a todos os lugares e profesionais. Tamén existiron dúbidas ao principio da pandemia sobre as medidas a tomar, o que afectou a algunhas decisións como a destitución dunha xefa de servizo no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo por usar a máscara dende o principio da afectación da covid, tildando de "alarmismo" o caso e censurando que existiran críticas pola negativa do Sergas a subministralas.

A realidade actual é que a subministración de material é máis continuada que o que xa foi, aínda que hai certas queixas pola ausencia de suficiente material para ser reposto na medida en que clinicamente é recomendable. Este caso é especialmente de máscaras cirúrxicas, que os profesionais sanitarios reciben con menor frecuencia da que sería recomendable para exercer a súa labor.

Dentro deste pico da terceira onda, coas UCI no seu pico de toda a pandemia e cos contaxios no seu tope, a maior valoración que mereceu a situación por parte do Presidente da Xunta de Galicia en comparecencia no Parlamento de Galicia foi que trasladaría a pregunta ao Goberno de España de que sexan obrigatorias as máscaras FFP2.

Dada esta posición do goberno da Xunta de Galicia, e a relevancia que lle atribúe a esta cuestión agora, parece natural comezar a asumir a súa labor sobre a dotación de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:12:16
Nº Rexistro: 9244
Data envío: 28/01/2021 10:12:16.199

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cando vai comezar a Xunta de Galicia a dotar de máscaras FFP2 aos profesionais sanitarios do Sergas na medida e volume que sexa clinicamente máis recomendable segundo os expertos?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/01/2021 10:09:34**

**Marina Ortega Otero na data 28/01/2021 10:09:42**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 11:56:04
Nº Rexistro: 9263
Data envío: 28/01/2021 11:56:04.330

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Galicia estableceu que Santiago de Compostela sería a sede do Parlamento, da Xunta, do seu presidente e das consellarías.

Dúas décadas despois apróbase a Lei 4/2002, do 25 de xuño, pola que se dota a cidade de Santiago de Compostela dun estatuto especial de capitalidade, que a recoñece formalmente como capital da Comunidade Autónoma, completando así normativamente as determinacións contidas na Lei 1/1982.

Ese estatuto establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma, en atención á condición de Capital de Galicia e sede das súas institucións, circunstancia que implica a necesidade por parte da cidade de establecer unha serie de servizos para o custe e mantemento dos cales pretende contribuír esta previsión.

Hai pouco máis dunha década, os docentes da Universidade de Santiago, Luís Caramés e María Cadaval, cifraban nas conclusións do seu informe ‘Custes de capitalidade. Estudo dun caso: Santiago de Compostela’ en 5.507.494,3 euros o custo total das cargas extraordinarias que anualmente soportan as arcas municipais da cidade por ser a capital de Galicia.

Mais a pesar das demandas continuas de diversos gobernos do Concello de Santiago e do rigoroso estudo realizado polos docentes da USC, a Xunta de Galicia leva anos achegando a cantidade de 2.392.425 euros na partida ‘Transferencias para sufragar os gastos ocasionados pola condición de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela’, exacta cifra consignada nos Orzamentos Xerais de Galicia para 2021.

A realidade é que os custes que supón ser a capital de Galicia exceden en moito o previsto polo actual Goberno galego, de maneira que é obrigado que Santiago de Compostela sexa resarcida cunha cantidade superior, cuantificada en 5.507.494,3 euros hai unha década, unha cifra que habería que actualizar.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 11:56:04
Nº Rexistro: 9263
Data envio: 28/01/2021 11:56:04.330

O Goberno local da capital galega agarda que esta transferencia se poida modificar á alza nun proceso de diálogo e negociación, un desexo ao que tamén se suma o Grupo Parlamentario Socialista, por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que estudos ou informes emprega a Xunta de Galicia para cuantificar a transferencia orzamentaria ao Concello de Santiago destinada a sufragar os gastos ocasionados pola condición de capitalidade de Galicia?

2ª) Pensa o Goberno galego incluír o necesario incremento da achega nos vindeiros orzamentos xerais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 28/01/2021 11:18:32**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/01/2021 11:18:44**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:36:20
Nº Rexistro: 9249
Data envío: 28/01/2021 10:36:20.230

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incumprimento do uso do galego que está a facer o SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ano a ano observamos como os datos estatísticos nos mostran como o número de falantes da nosa lingua vai decrecendo perigosamente. Ante esta gravísima situación que está a vivir a lingua galega, as políticas de dinamización e normalización lingüística pasan a ter unha especial importancia. Por esta razón, os organismos, administracións e institucións públicas galegas teñen un papel máis ca fundamental no relacionado coa promoción e normalización do galego, algo que ademais dunha necesidade é unha obrigación.

Contrariamente a isto, son moitos os entes e as ocasións nas que o galego non foi a lingua empregada para comunicar e informar. Así, poderíamos falar da ínfima presenza que mostra o galego no eido xudicial, no que os datos tan preocupantes chegaron a provocar a existencia de denuncias por parte da Mesa pola Normalización Lingüística. Do mesmo xeito, tamén podemos falar dos incumprimentos lingüísticos que se levaron a cabo na Radio Galega ou na propia TVG. Mais, alén destes comportamentos impropios de organismos como a CRTVG, tamén temos que sumar os recentes e non tan recentes ataques á lingua galega que profire o Servizo Galego de



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:36:20
Nº Rexistro: 9249
Data envío: 28/01/2021 10:36:20.230

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Saúde. Neste caso estamos a falar das mensaxes que está a enviar o SERGAS relacionadas cos resultados de PCRs positivas ou negativas.

Estamos a falar de que o SERGAS está a enviar mensaxes SMS en castelán e en inglés, obviando totalmente ao galego e incumprindo dun xeito vergoñento as obrigas que ten este organismo no que á lingua se refire.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a razón pola cal o Servizo Galego de Saúde incumpre a Lei de Normalización Lingüística e se comunica cos e coas doentes en castelán e inglés?

- Pensa a Xunta de Galiza garantir o uso do galego en todas as administracións públicas deste país?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores  na data 28/01/2021 10:22:02**

**Iria Carreira Pazos na data 28/01/2021 10:22:06**

**Mercedes Queixas Zas  na data 28/01/2021 10:22:18**

**Daniel Castro García  na data 28/01/2021 10:22:31**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:44:05
Nº Rexistro: 9252
Data envío: 28/01/2021 10:44:05.447

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Consellería de Emprego e Igualdade publicaba con data 27 de novembro do 2020 no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de novembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I microempresas, de mantemento do emprego e a actividade económica das microempresas de Galicia máis afectadas pola COVID-19 (TR400B), e do Programa II hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría, e se procede á súa convocatoria para 2020.

Esta orde regula dous programas de axudas. Por unha banda, as axudas do Programa I teñen por obxecto apoiar o mantemento do emprego e a actividade económica das microempresas de Galicia que desenvolven a súa actividade económica nos sectores máis afectados pola covid-19 e estivesen ou estean afectadas por un ERTE desde a declaración do estado de alarma, como elementos esenciais do tecido produtivo e da economía de Galicia, contribuíndo desde xeito á reconstrución da nosa sociedade na era postcovid. Por outra banda, as axudas do Programa II teñen por obxecto o apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectado polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias.

Esta convocatoria de axudas ten dous programas:

– Programa I microempresas: axudas as microempresas, persoas traballadoras autónomas con persoal a cargo e negocios de sectores especialmente paralizados. Este programa ten carácter plurianual e está financiado con 37.000.000 €, con cargo aos fondos finalistas e propios, dentro dos cales 2.000.000 € están reservados a aquelas pemes pertencentes a sectores cuxa actividade estivese especialmente paralizada.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:44:05
Nº Rexistro: 9252
Data envío: 28/01/2021 10:44:05.447

– Programa II hostalaría: axudas ao sector da hostalaría cun orzamento de 17.000.000 €, con cargo aos fondos finalistas e propios do Estado e fondos propio

Ao abeiro da Orde do 26 de novembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I microempresas, de mantemento do emprego e a actividade económica das microempresas de Galicia máis afectadas pola COVID-19 (TR400B), e do Programa II hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR400C), a deputada que asinan formula as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Que número de axudas aprobou a Xunta de Galicia para as e os hostaleiros a través do Programa II hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR400C) en cada un dos concellos de cada provincia?
2. Que número de axudas foron concedidas pola Xunta de Galicia para as e os hostaleiros a través do Programa II hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR400C) en cada un dos concellos de cada provincia?
3. Que número de axudas foron abonadas pola Xunta de Galicia para as e os hostaleiros a través do Programa II hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR400C) en cada un dos concellos de cada provincia?
4. Cal foi o importe total en cada un dos concellos de cada provincia?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 10:44:05
Nº Rexistro: 9252
Data envío: 28/01/2021 10:44:05.447

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/01/2021 10:42:06

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 12:23:13
Nº Rexistro: 9287
Data envio: 28/01/2021 12:23:13.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo da administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de 25 anos que o Estado español transferiu a Galiza os medios materiais para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza, o que se deu en denominar “administración da administración de xustiza”. Dentro da transferencias realizadas incluíuse o necesario para o funcionamento da administración de xustiza, agás xuízas e maxistradas, fiscais e as hoxe denominadas letradas da administración de xustiza, respecto das que, neste último caso, non consta impedimento para a súa eventual transferencia á Xunta de Galiza.

Malia o tempo transcorrido Galiza aínda non ten aprobada, nin inicial, nin definitivamente a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da administración de xustiza en Galiza. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico sobre o que a administración pública deseña a súa estrutura de persoal para adecuala ás necesidades do servizo público. É unha ferramenta organizativa fundamental, cuxa ausencia pode xerar problemas de falla de transparencia ou posibilitar prácticas indebidas e arbitrarias.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 12:23:13
Nº Rexistro: 9287
Data envio: 28/01/2021 12:23:13.588

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a relación de postos de traballo é un instrumento para unha mellor e máis eficaz xestións dos recursos públicos, ao tempo que dota de garantías, seguridade xurídica e transparencia ao funcionamento da administración pública, neste caso, na administración de xustiza.

Certamente o estabelecemento da estrutura básica da oficina xudicial, que ha ser homoxénea en todo o territorio do Estado, non é competencia da Xunta de Galiza, poren si conta coa posibilidade de introducir melloras no funcionamento desa oficina xudicial básica, dos servizos comúns procesuais con funcións determinadas, ou o deseño e organización de unidades administrativas dentro do ámbito da administración de xustiza. A propia Xunta de Galiza preveu realizar a ordenación do persoal, a través da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo, sen que, a día de hoxe, se producira tal.

Así, por exemplo, en partidos xudiciais nos que se existe máis dun órgano xudicial e non existe “decanato” se está a ampliar o cadro de persoal do xulgado decano para incorporar unha praza de tramitador procesual e administrativo para realizar as funcións de rexistro e reparto, máis laboriosas dende a entrada en funcionamento do sistema Lexnet.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza para a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo no ámbito da administración de xustiza de Galiza?

Cal é o deseño que ten previsto a Xunta de Galiza para a oficina xudicial e unidades administrativas da administración de xustiza de Galiza?



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 12:23:13
Nº Rexistro: 9287
Data envio: 28/01/2021 12:23:13.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que partidos xudiciais ten previsto o funcionamento de servizos comúns procesuais e de que tipo e con que estrutura?

Ten valorado a Xunta de Galiza a creación dalgún posto de traballo singularizado nalgún servizo da administración de xustiza? En caso afirmativo en que ámbito territorial e con que funcións?

Que unidades administrativas, con que funcións, localización e ámbito de actuación entende a Xunta de Galiza que cumpre crear ou contemplar na Relación de Postos de Traballo da administración de Xustiza de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Luis Bará Torres**
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/01/2021 12:18:57**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/01/2021 12:19:01**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:43:55
Nº Rexistro: 9297
Data envio: 28/01/2021 13:43:55.922

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a vacinación contra a covid-19 aos traballadores e traballadoras do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno do Consello Interterritorial de Saúde aprobou no mes de setembro a estratexia de vacinación covid-19, común para todo o territorio do Estado español. Galiza participou no grupo técnico que deseñou esa estratexia e que, dende aquela, xa sufriu distintas modificacións.

No documento de estratexia foron delimitadas tres etapas de priorización e establecéronse os grupos a vacinar en cada unha delas en función de catro criterios de risco: Risco de morbilidade grave e mortalidade, de exposición, de impacto socioeconómico e de transmisión.

De acordo con estes criterios, acordouse que a primeira etapa debía incluír aos residentes e persoal sanitario e sociosanitario en residencias de persoas maiores e con discapacidade, ao persoal sanitario e ás persoas con grande dependencia non institucionalizadas.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez vacinados estes grupos, e segundo a dispoñibilidade de vacinas, o propio pleno do Consello Interterritorial de Saúde irá marcando as prioridades da vacinación dos demais grupos de poboación.

A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, recollida no real decreto 463/2020, trouxo consigo unha serie de medidas en relación coa limitación da mobilidade das persoas e tamén a paralización de moitas actividades sociais e económicas. Non foi o caso da relacionada co sector do mar que se considerou esencial e que permaneceu, pese ás dificultades, abastecendo de alimentos dende aquela.

Máis alá das graves consecuencias económicas que padeceron e aínda padecen, dende o punto de vista sanitario os traballadores e traballadoras do mar -un segmento de poboación cun alto nivel de contactos interpersoais habitual-, enfrontáronse dende o primeiro momento á escaseza de materiais e equipos de protección contra o virus, a reducidos espazos e imposibilidade de manter as distancias de seguridade na súa actividade diaria e a un incremento obxectivo de risco e de posibilidades de contaxio. De feito, durante este tempo, foron moitos os que contraeron o virus e os que se viron na obriga de pasar a corentena a bordo, amarrados a porto e non sempre nas mellores condicións para a súa curación e para evitar os contaxios a outras persoas.

De aí que numerosos colectivos, dende organizacións sindicais ata armadores, veñan reclamando que a súa esencialidade sexa tida en conta á hora da vacinación contra o virus. Incluso os propios expertos admiten que é imposíbel que se podan garantir a bordo dos buques as medidas preventivas básicas para atallalo, como as distancias de seguridade, o illamento en camarote estanco de tripulantes con síntomas, a hixiene constante de mans, etc.



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 13:43:55
Nº Rexistro: 9297
Data envio: 28/01/2021 13:43:55.922

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o mes de marzo pasado ata o día de hoxe a pandemia pasou por distintas fases, mais é agora cando o seu recrudecemento e as novas restricións publicadas no día de onte no DOG á vista do importante empeoramento dos datos, fai máis necesario aínda que os traballadores e traballadoras do mar sexan incluídos entre os grupos laborais e profesionais prioritarios á hora de recibir a vacina contra a covid-19 e para que podan seguir desenvolvendo a súa actividade coas maiores garantías.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o goberno galego que os traballadores e traballadoras do mar son un colectivo que polas condicións nas que traballan deberan ser considerados a incluír na segunda etapa de vacinación contra o coronavirus?

De que datos dispón a Xunta de Galiza sobre contaxios e mortalidade entre os traballadores e traballadoras do mar?

Está disposta a expoñer no Consello Interterritorial de Saúde os riscos aos que se enfrontan diariamente na súa actividade os traballadores e traballadoras do mar?

Considera que o grupo técnico que deseñou a estratexia de vacinación, no que Galiza participa, debe propoñer unha modificación da mesma para incluír na segunda etapa ao colectivo de traballadores e traballadoras do mar?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García  na data 28/01/2021 13:38:53**

**María do Carme González Iglesias na data 28/01/2021 13:38:58**

**Rosana Pérez Fernández  na data 28/01/2021 13:39:08**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 9304
Data envío: 28/01/2021 14:10:28.873

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A día de hoxe, segundo o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma, en Galicia hai censados 4312 buques pesqueiros, dos cales 3837 son buques dedicados ás artes menores e 152 corresponden ao cerco, e o número de profesionais directos dedicados ao marisqueo a pé rolda as 3.800 persoas, maioritariamente mulleres. Estas cifras amosan o peso que o sector pesqueiro artesanal e o marisqueiro ten no sector pesqueiro da nosa Comunidade Autónoma.

Durante a pandemia o sector da pesca foi declarado como sector esencial, co cal o dito sector continuou traballando, para que que non faltase un alimento esencial na nosa dieta.

Pero o sector da pesca, que non é alleo ao resto de sectores produtivos e económicos, está a sufrir fortemente as consecuencias económicas desta pandemia, e especialmente derivadas dos distintos peches e limitacións que está a vivir a hostalería, que afectan directamente a gran parte do sector pesqueiro e, sobre todo marisqueiro. Ademais a situación que estamos a atravesar nesta crise sanitaria e tamén económica incide negativamente no consumo de determinados produtos procedentes da pesca e o marisqueo.

Os datos de facturación neste sector caeron drasticamente no ano 2020, e por iso o sector pide medidas para paliar ou minimizar os impactos da pandemia da covid-19 na pesca artesanal e o marisqueo e así trasladan medidas, como por exemplo as propostas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores: medidas de apoios económico e financeiro, campañas de fomento do consumo local, campañas de difusión dos beneficios do consumo de peixe e mariscos, medidas de apoio directo ás confrarías e federación, plan de recuperación específico para a pesca artesanal e marisqueo ...

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 9304
Data envío: 28/01/2021 14:10:28.873

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas de apoio económico e financeiro vai impulsar a Xunta de Galicia, mentres no se produza unha estabilidade nos mercados, dirixida a aquelas lonxas e vendedurías que están a sufrir as consecuencias económicas da covid-19?

2ª) Ten pensado, a Xunta de Galicia, realizar de xeito inmediato campañas de fomento do consumo local (ou de km 0) que axuden e apoien a todo o sector produtor de xeito directo e indirecto?

3ª) Vai a Xunta de Galicia realizar accións de promoción a través de campañas de difusión do consumo de peixe e marisco dende unha perspectiva de saúde e benestar co fin de incentivar o consumo xeral de especies pesqueiras e marisqueiras entre a sociedade e particularmente entre as novas xeracións?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 28/01/2021 13:01:32**

**Julio Torrado Quintela na data 28/01/2021 13:01:43**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:53:28
Nº Rexistro: 9309
Data envío: 28/01/2021 17:53:28.596

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A situación na planta de Alu Ibérica na Coruña volveuse insostible nas derradeiras datas, chegando a ter que parar a súa produción por falla de subministro de fuel ou pola falla de aluminio de reciclaxe e aluminio primario, esta situación foi denunciada polos representantes do cadro de persoal como unha mostra máis da falla de compromiso da empresa co acordo alcanzado para a venda de ALCOA ao investidor PARTER CAPITAL, aínda que este investidor vendese posteriormente o 75 % da súa participación ao Grupo Industrial Riesgo que se fixo co control da empresa.

O Comité de Empresa de Alu Ibérica denuncia un continúo baleirado da planta da Coruña, que non garante un futuro produtivo e o mantemento dos postos de traballo e unha falla de respecto continua da dirección da empresa aos dereitos das persoas traballadoras e a súa representación, con despedimentos improcedentes e salarios sen pagar, que fixo que o dito comité de empresa convocase unha folga indefinida.

As institucións, estatal e autonómica, estiveron presentes no proceso de venda das fábricas da Coruña e Avilés a un novo investidor e comprometéronse a supervisar o proceso, unha venda na que a Xunta de Galicia estivo de costas sen achegar e facer efectivas as súas competencias en política industrial, para deixarlle coma sempre a busca de solucións ao Goberno do Estado. O dito proceso de venta levouse a cabo cunhas garantías que agora están cuestionadas por parte dos traballadores e das informacións aparecidas nos medios de comunicación.

Os traballadores están a esixir da Administración central e galega que actúen ante os incumprimentos da empresa. A realidade é que mentres o Delegado do Goberno se reuniu co Comité de Empresa e lles trasladou as accións que se están a realizar dende o Goberno do Estado, analizando as

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:53:28
Nº Rexistro: 9309
Data envío: 28/01/2021 17:53:28.596

denuncias e informes da empresa propietaria para confirmar se existen incumprimentos do contrato de compravenda, por se é preciso tomar decisións por vía administrativa ou incluso a xudicial, o Goberno da Xunta de Galicia pola súa banda, non sabemos se fixo algo máis que reclamarlle ao Estado que faga unha auditoría, en todo caso non nos consta que fixese algo dende as súas competencias.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Está o Goberno galego a analizar os posibles incumprimentos da empresa compradora?

2ª) Comprometese o Goberno galego cos traballadores a tomar accións xudiciais se eses incumprimentos se confirman?

3ª) Están a estudar o despido dunha traballadora da empresa e se esta respecta os dereitos laborais e sindicais das súas persoas traballadoras?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 28/01/2021 17:34:23**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/01/2021 17:34:42**

**Pablo Arangüena Fernández na data 28/01/2021 17:34:55**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG de PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:55:55
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 28/01/2021 17:55:55.877

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A recente Sentenza 137/2020, de 2 do setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña declara a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. A sentenza, froito dun complexo e singular proceso xudicial impulsado con decisión polo Goberno progresista de España a través dun gran traballo da avogacía do Estado, abre a porta dun xeito histórico á recuperación do Pazo de Meirás polo Estado.

É claro e meridiano que a historia máis recente e significativa do pazo está asociada ao feito de que Francisco Franco foi un corrupto, ademais dun golpista e ditador que cos seus actos causou a morte de centos de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis. No caso do Pazo de Meirás, un corrupto que obrigou á cidadanía da comarca coruñesa a pagar para regalarlle o Pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome, na liña do proceso xeral de saqueo do Estado polo que, segundo o historiador Ángel Viñas, amasara xa no ano 1940 unha fortuna de 38 millóns de pesetas de entón, que equivalen a 400 millóns de euros de hoxe.

E, ademais, unha vez que o xulgado facilitou a medida cautelar solicitada pola avogacía do Estado para inventariar e manter custodiado no propio pazo o contido do mesmo, soubemos que o seu contido está integrado en boa medida por obxectos que formaban tamén parte do patrimonio do Estado.

E o roubo do Pazo de Meirás é soamente unha mostra máis desa corrupción, que non pode desligarse da anulación das liberdades durante 40 anos e da represión franquista durante a guerra, a posguerra e moito despois, que tivo lugar en Galicia como noutras zonas de España.

A reivindicación da memoria democrática pretende non só homenaxear e restaurar a dignidade das vítimas senón contribuír a que se entendan os acontecementos que tiveron comezo en 1936 como o que foron -un episodio brutal, antidemocrático e sanguinario levado a cabo por uns golpistas que instauraron unha ditadura que parou o reloxo da historia de España durante

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:55:55
Nº Rexistro: 9315
Data envío: 28/01/2021 17:55:55.877

décadas-, así como reivindicar os movementos de disidencia contra esa ditadura e facer pedagoxía dos valores democráticos anulados por ela.

Dende ese punto de vista, e ante as iniciativas presentadas recentemente por outras forzas políticas nesta cámara, sinaladamente polo PP, entendemos necesario establecer con claridade cal debe ser o uso principal do Pazo de Meirás para o caso de que –como desexamos- a sentenza de primeira instancia remate por ser confirmada. E ese uso non pode ser outro que a reivindicación e estudo e difusión da memoria democrática, a cal, por certo, a Xunta de Galicia dedica cero euros nos orzamentos do ano 2021, mostra manifesta da incomodidade evidente que lle produce o tema, acorde coa súa traxectoria e historia política.

Unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: a memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita, contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten o Goberno galego algún tipo de problema co concepto de memoria democrática e co cumprimento da lexislación na materia que impida que o uso asociado a esa memoria democrática sexa o principal e prioritario do pazo sen prexuízo doutros?

2ª) Por que o Goberno galego dedicou cero euros á memoria democrática no orzamento de 2021?

3ª) Recoñece o Goberno galego que o réxime franquista foi un réxime corrupto tal e como ven a acreditar a sentenza de primeira instancia, ademais de antidemocrático, represor e sanguinario, tal e como acreditou sobradamente a mellor historiografía?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Pablo Arangüena Fernández na data 28/01/2021 17:42:17**

**Paloma Castro Rey na data 28/01/2021 17:42:30**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:57:35
Nº Rexistro: 9319
Data envío: 28/01/2021 17:57:35.230

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A día de hoxe, segundo o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma, en Galicia hai censados 4.312 buques pesqueiros, dos cales 3.837 son buques dedicados as artes menores e 152 corresponden ao cerco, e o número de profesionais directos dedicados ao marisqueo a pé rolda as 3.800 persoas, maioritariamente mulleres. Estas cifras amosan o peso que o sector pesqueiro artesanal e o marisqueiro ten no sector pesqueiro da nosa Comunidade Autónoma.

Durante a pandemia o sector da pesca foi declarado coma sector esencial, co cal o dito sector continuou traballando, para que que non faltase un alimento esencial na nosa dieta.

Pero o sector da pesca, que non é alleo ao resto de sectores produtivos e económicos, está a sufrir fortemente as consecuencias económicas desta pandemia, e especialmente derivadas dos distintos peches e limitacións que está a vivir a hostalería, que afectan directamente a gran parte do sector pesqueiro e, sobre todo marisqueiro. Ademais a situación que estamos a atravesar nesta crise sanitaria e tamén económica incide negativamente no consumo de determinados produtos procedentes da pesca e o marisqueo.

Os datos de facturación neste sector caeron drasticamente no ano 2020, e por iso o sector pide medidas para paliar ou minimizar os impactos da pandemia da covid-19 na pesca artesanal e o marisqueo e así trasladan medidas, como por exemplo as propostas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores: medidas de apoios económico e financeiro, campañas de fomento do consumo local, campañas de difusión dos beneficios do consumo de peixe e mariscos, medidas de apoio directo ás confrarías e federación, plan de recuperación específico para a pesca artesanal e marisqueo, etc.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 17:57:35
Nº Rexistro: 9319
Data envío: 28/01/2021 17:57:35.230

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita a seguinte pregunta:

Vai a desenvolver o Goberno galego un Plan de recuperación específico para a pesca artesanal e o marisqueo?

Parlamento de Galicia, 28 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 28/01/2021 14:22:52**

**Julio Torrado Quintela na data 28/01/2021 14:23:05**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 18:24:49
Nº Rexistro: 9325
Data envío: 28/01/2021 18:24:49.023

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na lei de acompañamento ós orzamentos de 2021 a Xunta de Galicia mantén as rebaixas fiscais ás empresas contaminantes que xa estaban presentes na anterior lei de acompañamento para 2020, concedendo así un tratamento de favor ás empresas contaminantes que resulta incompatible co desenvolvemento do dereito medioambiental e coa importancia dos temas medioambientais no século XXI, ademais de co pacto verde europeo.

Consolídase así un axuste á baixa dos gravames aplicados por carga contaminante derivados da lei de augas de Galicia. Sinteticamente, a suma total do gravame imposto á carga contaminante mantívose intacta nos últimos 11 anos, cando o IPC nese período experimentou un ascenso no entorno do 15 %, o cal implica que ano tras ano sae máis barato contaminar en Galicia e que o principio "quen contamina paga" transfórmase en Galicia no principio "quen contamina paga cada ano menos".

Na mesma liña, as sancións contempladas na lei de pesca continental recentemente aprobada por este parlamento rebaixan notablemente as do ano 1992 a pesar do transcurso de case 30 anos. Así, en moitos casos as infraccións redúcense a menos da metade, cando o simple efecto da inflación acumulada debería facer que se multiplicasen. Así, a inflación acumulada dende 1992 e do 88%. É dicir, unha sanción de 100 euros (ou as correspondentes pesetas) no ano 1992, se a actualizamos, sería hoxe equivalente a unha sanción de 188 euros.

O cal implica que as sancións terían case que duplicarse, cando se reducen en moitos casos á metade. Como exemplo, a sanción por infracción moi grave, que podía chegar ós 50 millóns na lei de 1992, queda agora nun máximo de 150.000 euros, a metade, o cal implica que un vertido que sexa considerado infracción moi grave, ou calquera outra agresión ó medio que se considere moi grave, sae hoxe á metade de prezo que en 1992. E se contamos a inflación, sae pola cuarta parte do prezo.

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 18:24:49
Nº Rexistro: 9325
Data envío: 28/01/2021 18:24:49.023

Chama poderosamente a atención que, mentres en todo o mundo civilizado se abren paso políticas cada vez menos permisivas coas agresións ó medio, en Galicia consolídase unha tendencia contraria e distópica, pouco atractivo para futuras inversións, asociadas cada vez máis a un marco de sostibilidade e responsabilidade social corporativa, facéndonos cada vez, paradoxalmente, menos atractivos como destino inversor para un capital que fuxe cada vez máis das antigas vantaxes industriais e busca outro tipo de incentivos, dos que Galicia carece a pesar da reiterada lexislación de "simplificación administrativa", que non parece simplificar nada.

Igualmente, de xeito incomprensible, a Xunta de Galicia négase a declarar a emerxencia climática en Galicia, a pesar dun acordo en tal sentido adoptado polo Parlamento de Galicia hai máis dun ano e da proposición non de lei presentada polo noso grupo no pleno do pasado 22 de decembro de 2020. E a pesar de que unha recente enquisa da ONU, de alcance global, reflicte que o 64% dos cidadáns do planeta consideran o cambio climático unha situación de emerxencia e de que todas as CC.AA de España menos as do PP e o propio Goberno de España teñan declarado a emerxencia climática.

Ademais, no novo plan Forestal a Xunta acepta e consolida a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto, que está reemprazando por completo ó bosque autóctono de Galicia e que, recoñecendo a súa importancia económica, debe ser considerada tamén desde o punto de vista dos seus efectos mediombientais, sinaladamente a redución da biodiversidade, así como o empobrecemento da paisaxe.

O anterior relato de feitos fala ben ás claras do completo desinterese do goberno de Galicia con respecto a defensa e protección do medio ambiente, mantendo políticas que podemos cualificar de depredatorias do territorio e propiciando unha progresiva involución medioambiental incompatible co sentido dos tempos, co dereito ambiental, co cambio climático.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo do progresivo deterioro e rebaixa dos niveis de protección medioambiental en Galicia a través das políticas e lexislación impulsados pola Xunta de Galicia?

2ª) Vai o Goberno galego seguir rebaixando os niveis de protección medioambiental en Galicia?

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2021 18:24:49
Nº Rexistro: 9325
Data envio: 28/01/2021 18:24:49.023

3ª) Considera o Goberno de Galicia que a protección do medio ambiente obrigada polo artigo 45 da Constitución é algo do que pode prescindir nas súas políticas?

4ª) Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia no ano 2020 por vulneración da normativa medioambiental?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 28/01/2021 18:21:43**

**Paloma Castro Rey na data 28/01/2021 18:21:57**

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGK6ebghWrc7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/